

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Resolución do 25 de setembro de 2007, da Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se ordena a publicación do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

Consonte o establecido no artigo 33 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, modificada pola Lei orgánica 1/2000, do 7 de xaneiro, esta secretaría dispón a publicación do acordo que figura como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2007.

A. Javier Ferreira Fernández
Secretario xeral e de Relacións Institucionais da
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

ANEXO

Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei de Galicia 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia

A Comisión Bilateral de Cooperación Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, na súa reunión do día 24 de setembro de 2007, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.-De conformidade coas negociacións previas realizadas polo grupo de traballo constituído en cumprimento do previsto no acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, do 20 de marzo de 2007, para o estudo e proposta de solución das discrepancias competenciais manifestadas sobre a Lei de Galicia 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais, ambas as dúas partes acordan o seguinte:

A Xunta de Galicia comprométese a interpretar o disposto no artigo 8.3º da Lei de Galicia 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais, no sentido de que o deber de adiantar o peche dos establecementos comerciais e de permanecer pechados os días a que se refire este artigo é un deber que se enmarca, tanto na necesaria conciliación da vida familiar e persoal que lles corresponde ás empresas comerciais, como no réxime de liberdade de horarios recollido na Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais. O Goberno de Galicia manifesta a súa intención de promover as medidas oportunas para o cumprimento deste deber por parte das empresas.

Segundo.-Publicar este acordo no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-Comunicarlle este acordo ao Tribunal Constitucional para os efectos previstos no artigo 33.2º da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

Madrid, 24 de setembro de 2007.

Elena Salgado Méndez
Ministra de Administracións
Públicas

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade
e do Benestar

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula nos seus artigos 59, 60, 61 e 62 as ensinanzas de idiomas de réxime especial e establece que estas se organizarán en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. En consonancia co disposto no artigo 6.2º da devandita lei, o Goberno fixou no Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, os aspectos básicos do currículo que constitúen as respectivas ensinanzas mínimas nos niveis intermedio e avanzado, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

Seguindo as indicacións do Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL), a aprendizaxe de idiomas e a súa certificación organízanse nunha serie de niveis comúns ordenados en graos de competencia lingüística progresivamente máis amplos, e ligados a contextos sociais de uso da competencia comunicativa. O Marco común europeo de referencia para as linguas promove, igualmente, o coñecemento de diversas linguas e culturas.

Igualmente, a Decisión 1720/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de novembro de 2006, establece un programa de acción no ámbito da aprendizaxe permanente ata 2013 (PAP) e recolle entre os seus obxectivos a promoción da aprendizaxe das linguas e a diversidade lingüística, así como o favorecemento da aprendizaxe permanente de persoas de todas as idades.

Neste contexto, as ensinanzas especializadas de idiomas van dirixidas a aquelas persoas que desexan, ao longo da súa vida, adquirir ou perfeccionar as súas competencias nunha ou en varias linguas estranxeiras, con fins xerais ou específicos, así como obter para o mercado laboral unha certificación transparente do seu nivel de competencia no uso das devanditas linguas.

Xa que logo, este decreto establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de nivel básico e determina os efectos dos certificados acreditativos da superación das exixencias académicas correspondentes aos respectivos niveis. Igualmente, neste decreto esta-

blécense os currículos do nivel básico e do nivel intermedio, e incorpóranse neste as ensinanzas mínimas fixadas polo citado Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro. Do mesmo xeito, esta norma regula o procedemento para que as escolas oficiais de idiomas poidan impartir cursos especializados para o perfeccionamento de competencias en idiomas tanto nos niveis básico, intermedio e avanzado, como nos niveis C1 e C2, de maneira que estes centros contribúan, mediante o óptimo aproveitamento dos seus recursos, a darlles resposta ás necesidades de formación dos colectivos educativos e profesionais no ámbito das linguas estranxeiras.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, logo de informe do Consello Escolar de Galicia, oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte de setembro de dous mil sete,

DISPOÑO:

Capítulo I

Da finalidade e organización das ensinanzas oficiais de idiomas

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Este decreto establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e o currículo dos niveis básico e intermedio dos idiomas seguintes: alemán, árabe, chinés, francés, inglés, italiano, portugués, ruso, galego, español como lingua estranxeira e xaponés.

2. Así mesmo, esta disposición regula as condicións en que se poden obter os certificados acreditativos da superación dos niveis básico, intermedio e avanzado destas ensinanzas, así como os seus efectos e a documentación académica necesaria para garantir a mobilidade do alumnado.

3. Este decreto ten igualmente a finalidade de regular os requisitos mínimos das escolas oficiais de idiomas no relativo á relación numérica entre estudantes e profesorado, instalacións docentes e número de postos escolares.

4. Este decreto é de aplicación nas escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Finalidade.

1. As ensinanzas de idiomas de réxime especial teñen a finalidade de capacitar o alumnado para o uso axeitado dos idiomas, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, e desenvolver nel a capacidade de adquirir, actualizar, completar e ampliar a competencia comunicativa en linguas estranxeiras, ao longo da

vida, para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

2. As escolas oficiais de idiomas son os centros docentes públicos en que se ofrecerán contextos para a aprendizaxe e a práctica de idiomas. Nelas deberase fomentar especialmente o estudo das linguas oficiais dos estados membros da Unión Europea, das linguas cooficiais existentes en España e do español como lingua estranxeira. Así mesmo, facilitarase o estudo doutras linguas que, por razóns culturais, sociais ou económicas, presenten un interese especial.

3. Nas ensinanzas de idiomas de réxime especial teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

Artigo 3º.-Ensinanzas de idiomas de réxime especial.

1. As ensinanzas de idiomas de réxime especial impartidas nas escolas oficiais de idiomas organízanse nos niveis básico, intermedio e avanzado.

2. Igualmente, poderanse impartir nestes centros cursos de especialización para a actualización e o perfeccionamento de competencias en idiomas, e para a formación do profesorado, colectivos profesionais e público en xeral.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá determinar os idiomas que se poden impartir nas escolas oficiais de idiomas seguindo criterios de pertinencia e impacto.

Artigo 4º.-Os cursos de especialización.

1. Os cursos especializados para o perfeccionamento de competencias en idiomas tanto nos niveis básico, intermedio e avanzado, como nos niveis C1 e C2, segundo quedan definidos no Marco común europeo de referencia para as linguas (en adiante MCERL), organizaranse segundo o establecido neste artigo.

2. Os cursos especializados nos niveis básico, intermedio e avanzado deberán ter como obxectivo desenvolver a competencia nunha ou en varias destrezas lingüísticas, ben de xeito xeral ou ben aplicadas a campos ou perfís profesionais concretos.

3. Os cursos dos niveis C1 e C2 organizaranse tendo como referencia a competencia lingüística que establece para eles o MCERL, e terán como finalidade o perfeccionamento da competencia nunha ou en varias destrezas lingüísticas. Poderán ter, tamén, unha orientación profesional concreta e, de ser o caso, conducir á obtención dunha certificación oficial.

4. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá o procedemento para a certificación destes cursos, tendo en conta tanto a corres-

pondencia de cada certificado cos descritores dos niveis do MCERL como a descrición das probas realizadas e das competencias valoradas para a obtención da devandita certificación.

5. As escolas oficiais de idiomas poderán, consonte o que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, deseñar cursos especializados como parte da súa oferta educativa.

6. O alumnado que desexe realizar estes cursos deberá acreditar mediante certificación, titulación ou proba, que posúe o nivel adecuado ao curso que desexe realizar.

7. As escolas oficiais de idiomas poderán ofrecer cursos de formación lingüística para o profesorado dos niveis e das etapas educativas, que terán as características que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 5º.-Modalidades.

1. As ensinanzas de idiomas de réxime especial poderán cursarse nas modalidades presencial e a distancia.

2. As persoas non escolarizadas nas modalidades establecidas no punto anterior poderán obter os certificados dos niveis básico, intermedio e avanzado dos idiomas autorizados nelas mediante a superación de probas específicas de certificación comúns para todo o alumnado.

Artigo 6º.-Organización.

1. As ensinanzas dos niveis básico, intermedio e avanzado desenvolveranse en dous cursos académicos cada un deles, cunha duración de 130 horas por curso, de conformidade co calendario escolar que estableza anualmente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Non obstante o anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar, nas condicións que se determinen, unha duración diferente naqueles idiomas que polas súas características así o precisen.

3. Os cursos especializados para o perfeccionamento de competencias en idiomas, tanto nos niveis básico, intermedio e avanzado como nos niveis C1 e C2 do MCERL do Consello de Europa, así como os cursos destinados á formación do profesorado, terán a duración que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza en cada caso.

Capítulo II Do currículo

Artigo 7º.-Currículo.

1. Para os efectos do disposto neste decreto, enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, principios metodolóxicos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas establecidas no artigo 3º deste decreto.

2. O currículo establecido para os niveis básico e intermedio será o que se inclúe nos anexos I e II, respectivamente, deste decreto.

3. O currículo deberase desenvolver mediante o proxecto educativo de centro e as correspondentes programacións didácticas, nas que deberán constar, polo menos, a secuencia de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, os mínimos exixibles, os criterios de cualificación e de promoción, o enfoque metodolóxico, a atención á diversidade e a acción tutorial.

4. Todas as ensinanzas que se impartan nas escolas oficiais de idiomas de Galicia deberán contar coa oportuna programación didáctica.

5. O profesorado desenvolverá a súa actividade docente de acordo co establecido no proxecto educativo e na programación didáctica do idioma correspondente.

6. Os centros docentes disporán da necesaria autonomía pedagóxica e organizativa. Favorecerase o traballo en equipo do profesorado e estimularase a súa actividade investigadora a partir da práctica docente.

Artigo 8º.-Principios metodolóxicos.

1. As ensinanzas de idiomas estarán orientadas ao desenvolvemento das destrezas lingüísticas comunicativas, polo que se deberá abordar o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso. Para iso, deberase concibir a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe. Nestas situacións procurarase activamente a erradicación de comportamentos ou linguaxe sexista e o cuestionamento de estereotipos de xénero desigualitarios.

2. Os enfoques metodolóxicos estarán orientados á acción e crearán contextos de aprendizaxe que, por unha parte, axuden a cada estudante a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe e que, por outra banda, fomenten a autonomía do alumnado para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto no aula coma fóra dela.

Artigo 9º.-Nivel básico.

1. O currículo correspondente ao nivel básico ten como referencia as competencias propias do nivel A2, segundo se define este nivel no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa.

2. O nivel básico ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para utilizar o idioma oralmente e por escrito de xeito eficaz e apropiado en situacións comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar. Este nivel de uso do idioma deberá permitir igualmente actuar en tales situacións mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de xeito directo.

Artigo 10º. Nivel intermedio.

1. O currículo correspondente ao nivel intermedio ten como referencia as competencias propias do nivel B1, segundo se define este nivel no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa.

2. O nivel intermedio ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para a utilización do idioma oralmente e por escrito de xeito eficaz, apropiado e flexible, en situacións comunicativas diversas relativas a temas coñecidos ou de interese persoal, que requiran comprender e producir textos en lingua estándar, nun rexistro neutro, formal e informal, e que conteñan variedade de expresións, estruturas e locucións idiomáticas frecuentes, e termos habituais e cultos de uso común non especializados. Este nivel de uso do idioma deberá permitir igualmente actuar mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de xeito directo, e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

Artigo 11º.-Nivel avanzado.

1. O nivel avanzado deberá ter como referencia as competencias propias do nivel B2, segundo se define este nivel no MCERL do Consello de Europa.

2. O nivel avanzado ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para a utilización do idioma oralmente e por escrito con fluidez, flexibilidade e eficacia, en situacións comunicativas diversas relativas a temas coñecidos ou propios do campo de especialización do falante, que requiran comprender e producir textos de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros, e que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, e riqueza léxica. Este nivel de uso do idioma deberá permitir igualmente actuar mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de xeito directo, e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

3. O currículo para o nivel avanzado dos respectivos idiomas será o establecido no decreto de currículo correspondente.

Capítulo III

Medidas de apoio ao currículo

Artigo 12º.-Formación permanente do profesorado.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizará unha oferta de actividades formativas consonte as necesidades que se deriven dos programas educativos.

2. As actividades de formación permanente do profesorado deberán ter como obxectivo o perfeccionamento da práctica educativa que incida na mellora dos rendementos do alumnado e do seu desenvolvemento persoal e social.

3. Periodicamente, o profesorado desenvolverá actividades de actualización nos centros educativos e nas institucións formativas específicas.

Artigo 13º.-Investigación, experimentación e innovación educativas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá impulsar a investigación, a experimentación e a innovación educativas mediante a convocatoria de axudas a proxectos específicos, incentivando a creación de equipos de profesorado, así como a colaboración coas universidades e outras institucións e, en todo caso, xerando un marco de reflexión sobre o funcionamento real e a mellora do proceso educativo.

Artigo 14º.-Materiais de apoio ao profesorado.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá favorecer a elaboración de materiais de apoio ao profesorado que desenvolvan o currículo, e ditará disposicións que orienten o seu traballo nese sentido.

Capítulo IV

Do acceso, matrícula, avaliación, promoción e permanencia

Artigo 15º.-Acceso.

1. Para acceder ás ensinanzas de idiomas será requisito ter dezaseis anos cumpridos no ano en que se comecen os estudos. Poderán acceder, así mesmo, as persoas maiores de catorce anos para seguir as ensinanzas dun idioma distinto do cursado na educación secundaria obrigatoria como primeira lingua estranxeira.

2. Os certificados dos niveis básico e intermedio darán acceso ás ensinanzas dos niveis intermedio e avanzado, respectivamente.

3. O título de bacharel deberá habilitar para acceder directamente aos estudos de idiomas de nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato.

4. Poderase acceder, igualmente, a calquera nivel e curso, sempre que a persoa aspirante acredite os coñecementos precisos, ben através de probas de clasificación que organicen as escolas oficiais de idiomas ou ben a través da validación dos títulos ou certificados recollidos na normativa que para o efecto establece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. Así mesmo, no caso dos cursos para a actualización de coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado, colectivos profesionais e público en xeral, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará, en cada caso, os requisitos e o procedemento para o acceso e a matrícula, e poderá delegar esta responsabilidade nas escolas oficiais de idiomas.

Artigo 16º.-Admisión e matrícula.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá establecer as normas de admisión e

matrícula, así como as condicións dos traslados de centro.

Artigo 17º.-Avaliación, promoción e permanencia.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado, que, en todo caso, se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

2. A avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase tomando como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación do currículo correspondente, concretados nas programacións didácticas de cada idioma.

3. O grao de dominio lingüístico verificarase mediante o uso práctico da lingua en situacións de comunicación, auténticas ou simuladas, e en todas as actividades lingüísticas establecidas no currículo correspondente.

4. As cualificacións definitivas obtidas polo alumnado nas ensinanzas oficiais de idiomas expresaranse mediante os termos de «apto» ou «apta», e «non apto» ou «non apta».

5. A cualificación positiva final deberalle permitir ao alumnado a promoción ao curso seguinte dentro do mesmo nivel. O alumnado que non supere todas as destrezas establecidas no currículo do último curso do nivel correspondente deberá repetir o curso.

6. A superación das ensinanzas establecidas para o derradeiro curso de cada nivel, através das probas correspondentes, conducirá á obtención do certificado deste e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

7. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá garantir o dereito do alumnado a ser avaliado consonte criterios obxectivos.

8. A permanencia en cada nivel das ensinanzas de idiomas na modalidade presencial será, como máximo, do dobre da duración establecida na normativa vixente para cada nivel dos diferentes idiomas.

Capítulo V

Dos documentos de avaliación e das certificacións

Artigo 18º.-Documentos de avaliación.

1. Son documentos de avaliación das ensinanzas oficiais de idiomas o expediente académico persoal, as actas de avaliación e os informes de avaliación individualizados.

2. Correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a regulación e o establecemento dos modelos oficiais dos documentos de avaliación a que fai referencia o punto anterior, que, en todo caso, se axustará ao seguinte:

a) O expediente académico é o documento básico que garante o traslado do alumnado entre os distintos centros, e deberá incluír os datos de identificación do centro e os datos persoais do alumno, os datos de

matrícula: número, modalidade de ensinanza, idioma, nivel e curso, ano académico e as cualificacións obtidas.

b) O expediente académico recollerá información referida ao acceso directo a cursos e niveis, renuncia de matrícula, superación do número de convocatorias establecido, traslado a outros centros e cambio de modalidade.

c) O expediente académico incluírá información sobre a proposta de expedición do certificado de nivel correspondente.

d) No expediente farase constar a estrutura de niveis e cursos, así como o número mínimo de horas lectivas por curso, de acordo co establecido neste decreto.

e) A custodia e arquivo dos expedientes académicos correspóndelle aos centros.

f) O alumnado poderá solicitar certificación dos datos recollidos no seu expediente académico, que será asinada polo secretario do centro co visto e prace do director.

g) As actas de cualificación estenderanse ao rematar cada un dos cursos de cada nivel. Estas actas incluírán a relación nominal de alumnado xunto coa cualificación do curso, serán asinadas polos profesores do departamento didáctico correspondente e deberán contar co visto e prace do xefe do departamento.

Artigo 19º.-Certificacións.

1. Para a obtención do certificado de nivel correspondente aos niveis básico, intermedio e avanzado respectivamente, será necesaria a superación de probas terminais específicas de certificación, que se elaborarán, se administrarán e se avaliarán nas condicións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine.

2. Así mesmo, a superación dos cursos non terminais de nivel, deberán supor a expedición dun certificado de aproveitamento por parte das escolas oficiais de idiomas.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria organizará, polo menos, unha convocatoria anual de probas para a obtención dos certificados correspondentes a todos os niveis, que será común para todos os réximes: oficial e libre.

4. Co fin de seguir as recomendacións do Consello de Europa para o uso do Portfolio europeo das linguas, ao alumnado que, logo da realización das probas pertinentes, non obteña o certificado dos respectivos niveis, poderáselle expedir, por petición propia e nas condicións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine, certificación de ter alcanzado o dominio requirido nalgunha das destrezas comunicativas que as probas correspondentes avalíen.

5. A certificación das ensinanzas establecidas neste decreto corresponderalles ás escolas oficiais de

idiomas. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria expediralles, por proposta destas, os certificados dos niveis básico, intermedio e avanzado aos alumnos e ás alumnas que superen as exigencias académicas establecidas para cada un deles.

6. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular as condicións en que se poida expedir a certificación global ou parcial das competencias que se derivan dos cursos de especialización previstos no artigo 4º.

7. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá facilitar a realización de probas homologadas para obter a certificación oficial do coñecemento das linguas cursadas polo alumnado de educación secundaria e formación profesional.

8. Os certificados de nivel básico, intermedio e avanzado deberán incluír, como mínimo, os seguintes datos: órgano que o expide, datos do alumno (nome e apelidos, DNI ou NIE ou no seu defecto número de pasaporte, data e lugar de nacemento), idioma e nivel, indicación do nivel do Marco común europeo de referencia e data de expedición, firma e selo.

Capítulo VI

Dos requisitos mínimos das escolas oficiais de idiomas

Artigo 20º. Postos escolares e proporcións.

1. As escolas oficiais de idiomas terán, como máximo, 30 estudantes por unidade escolar nos niveis básico e intermedio, e 25 estudantes no nivel avanzado.

2. O número de postos escolares das escolas oficiais de idiomas fixarase nas correspondentes disposicións polas que se autorice a súa apertura e o seu funcionamento, tendo en conta o número máximo de estudantes por unidade escolar que se establece no punto anterior, e a capacidade do centro.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá determinar o número máximo de estudantes para as unidades en que se impartan ensinanzas diferentes dos niveis básico, intermedio e avanzado.

Artigo 21º.-Instalacións e recursos.

Con carácter xeral, as escolas oficiais de idiomas deberán situarse en edificios independentes, destinados exclusivamente a uso escolar, e deberán cumprir as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade exixidas na lexislación, e contar, como mínimo, coas instalacións seguintes:

a) O número de aulas que se precisen, cunha superficie mínima de 30 metros cadrados, para que, de acordo co horario de funcionamento do centro, o número de postos escolares, a relación entre profesorado e estudantes, e os idiomas ofrecidos, se poida garantir o horario lectivo que se estableza no plan de estudos. Así mesmo, cada aula deberá dotarse dun equipamento audiovisual conectable a un ordenador.

En calquera caso, cada posto escolar deberá dispor dun espazo mínimo de 1,5 metros cadrados.

b) Para os idiomas menos demandados e para clases complementarias poderase dispor de aulas de menos de 30 metros cadrados, garantindo, en todo caso, o espazo mínimo por posto escolar.

c) Unha biblioteca de 75 metros cadrados, como mínimo, que contribúa a cumprir os obxectivos curriculares do centro e que dispoña de fondos bibliográficos, de documentación electrónica en diferentes soportes, e de equipamentos multimedia suficientes para facilitar o acceso do alumnado á cultura propia das linguas estranxeiras e a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a autoaprendizaxe.

d) Unha sala multimedia de 120 metros cadrados con 30 postos informáticos fixos conectados en rede.

e) Os espazos que cumpran destinados á localización de, cando menos, 25 postos multimedia para autoaprendizaxe distribuídos nos respectivos espazos.

f) Unha sala de usos múltiples de, como mínimo, 100 postos, con acústica, acondicionamento técnico e escenario apropiados para diversas actividades.

g) Aseos e servizos hixiénico-sanitarios en número adecuado á capacidade do centro, tanto para o alumnado como para o profesorado, e espazos para almacen.

h) Despachos para a función directiva, un despacho de xefatura de estudos, unha secretaría, unha sala de profesorado e espazos para os departamentos, de tamaño adecuado ao número de postos escolares e de idiomas autorizados.

i) Espazos axeitados para reunións de asociacións do alumnado.

Disposicións adicionais

Primeira.-Convenios de colaboración.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá establecer convenios de colaboración con institucións, organismos e empresas públicas ou privadas, de ámbito local, estatal e internacional, para contribuír á mellora da aprendizaxe de idiomas estranxeiros.

Segunda.-Extensión da oferta educativa.

1. Coa finalidade de potenciar a aprendizaxe de idiomas e de utilizar eficazmente os recursos humanos existentes nos centros docentes públicos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá adoptar as medidas que cumpran para a extensión gradual das ensinanzas especializadas de idiomas a todas as comarcas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, e sen prexuízo do establecido no artigo 1º.4 deste decreto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá determinar as con-

dicións en que se poida impartir o nivel básico noutros centros docentes públicos, seguindo criterios de equidade territorial en materia de educación e emprego.

Terceira.-Recoñecemento das actividades de formación impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

Os cursos de formación lingüística a que fai referencia o artigo 4º.7 deste decreto deberán ter o correspondente recoñecemento como formación do profesorado, para os efectos establecidos no Decreto 99/2006, do 15 de xuño, polo que se regula a planificación, a estrutura, a organización e o funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos.

Cuarta.-Alumnado con discapacidade.

1. No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir as disposicións vixentes na materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá adoptar as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, estas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto.

Disposicións transitorias

Primeira.-Implantación dos niveis básico e intermedio, e incorporación a estes do alumnado que estea a cursar as ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.

En cumprimento co establecido no artigo 24º do Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a implantación destas ensinanzas farase consonte o calendario que segue:

1. No ano académico 2007-2008 implantarase o nivel básico 1 e 2, e o nivel intermedio 1 de idiomas, e deixarán de se impartir as ensinanzas do ciclo elemental do primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.

2. O nivel intermedio 2 e o nivel avanzado das ensinanzas de idiomas implantaranse no ano académico 2008-2009, e deixarán de se impartir as ensinanzas correspondentes ao ciclo superior do primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.

Segunda.-Equivalencias entre as ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro, e as reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro.

As equivalencias entre as ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro, e as reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, son as seguintes:

Ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro	Ensinanzas reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro
1º curso do ciclo elemental	Nivel básico 1
2º curso do ciclo elemental	Nivel básico 2
	Certificado de nivel básico (A2)
3º curso do ciclo elemental	Nivel intermedio 1
	Nivel intermedio 2
Certificación académica do ciclo elemental	Certificado de nivel intermedio (B1)
1º curso do ciclo superior	Nivel avanzado 1
2º curso do ciclo superior	Nivel avanzado 2
Certificado de aptitude	Certificado de nivel avanzado (B2)

O certificado de aptitude e o de nivel avanzado serán equivalentes para os efectos académicos.

Terceira.-Equivalencias entre as ensinanzas reguladas polo Real decreto 944/2003, do 18 de xullo, e as reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro.

Para as equivalencias de alumnado que cursara as ensinanzas establecidas polo Real decreto 944/2003, do 18 de xullo, haberá que aterse ao disposto no anexo III do Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro.

Cuarta.-Incorporación do alumnado no ano académico 2007-2008.

No ano académico 2007-2008 a incorporación do alumnado que estea a cursar os estudos de ciclo elemental no curso 2006-2007 será como segue:

1º curso	
Ensinanzas superadas	Nivel básico 2
Ensinanzas sen superar	Nivel básico 1
2º curso	
Ensinanzas superadas	Nivel intermedio 1
Ensinanzas sen superar	Nivel básico 2
3º curso	
Ensinanzas superadas	1º curso do ciclo superior
Ensinanzas sen superar	Nivel intermedio 1

Quinta.-Incorporación do alumnado no ano académico 2008-2009.

No ano académico 2008-2009, a incorporación do alumnado que estea a cursar os estudos de ciclo superior no curso 2007-2008 será como segue:

1º curso	
Ensinanzas superadas	Nivel avanzado 2
Ensinanzas sen superar	Nivel avanzado 1
2º curso	
Ensinanzas superadas	Certificado de nivel avanzado
Ensinanzas sen superar	Nivel avanzado 2

Sexta.-Plan de potenciación de idiomas.

A continuidade dos estudos de idiomas pola modalidade 1 do plan de potenciación de idiomas establecido pola Orde do 26 de xullo de 2001 (*Diario Oficial de Galicia* do 17 de agosto) será obxecto dunha normativa específica.

Disposición derogatoria

Única.-Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación normativa

Autorízase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar cantas normas se consideren oportunas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO 1 Nivel básico

Introdución.

O currículo do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial, obxecto deste decreto, ten a finalidade de dar resposta ás necesidades dunha comunicación eficaz na sociedade actual plurilingüe e pluricultural.

O proceso de ensino e aprendizaxe de idiomas parte dun modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación, tal e como se define no Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MECR) e na Lei orgánica de educación (LOE), do 3 de maio de 2006 (BOE do 4 de maio). O nivel básico das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia A2 do MECR: os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección de contidos e os criterios xerais de avaliación son coherentes co establecido para este nivel e co enfoque accional polo que se pronuncia o MECR.

Esta concepción do ensino-aprendizaxe baséase na concepción da competencia comunicativa entendida como a capacidade de uso do idioma, que abrangue tanto as competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas como a competencia intercultural e a competencia estratéxica.

O aprendiz de linguas pon estas en uso activando as citadas competencias para levar a cabo actividades comunicativas sobre diferentes temas, en ámbitos e contextos específicos, e botando man das estratexias adecuadas para este fin. O usuario da lingua procesa e produce textos orais e escritos, que constitúen as unidades básicas de comunicación através de actividades de expresión, comprensión, interacción ou dunha combinación delas. Para iso as alumnas e os alumnos terán que adquirir, através de experiencias de aprendizaxe, unha serie de habilidades básicas incardinadas en actividades concibidas para facilitar esta adquisición. O docente é o deseñador, presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas. A súa función será a de orientar, estimular, prestar a súa experiencia e aconsellar, pero serán as alumnas e os alumnos os que deberán asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais membros do grupo e co docente para atinxir os obxectivos propostos e desenvolver a súa capacidade de aprendizaxe autónoma.

En definitiva, a actividade do aprendiz é o factor máis importante para que a aprendizaxe se produza; de maneira que, en último termo, o éxito ou o fracaso das aprendizaxes recaen sobre a persoa que aprende. Non obstante, as aprendizaxes danse con maior facilidade cando o proceso de ensinanza do profesorado crea as condicións adecuadas para que estas se produzan. Por iso, o docente debe propor tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas que estimulen o interese na utilización da lingua dentro e fóra da aula, e a sensibilidade cara ás culturas asociadas ao idioma. O deseño adecuado das tarefas será esencial pois tamén deben contribuír a fomentar a confianza en si mesmos, a motivación para aprender e a capacidade para planificar, autoavaliar e aprender de xeito autónomo e independente. Estas tarefas serán deseñadas a partir dos criterios de avaliación que indican o grao de dominio lingüístico que os estudantes deben acadar, e serán esencialmente comunicativas, para lle ofrecer ao alumnado a oportunidade de utilizar o idioma tal e como o faría en situacións reais de comunicación; de aí a importancia de que os materiais empregados nas devanditas tarefas sexan preferentemente auténticos, de xeito que o alumnado perciba a lingua no seu contexto real, como instrumento de comunicación.

Para levar a cabo eficazmente as tarefas correspondentes, o alumnado debe ser orientado no uso de estratexias de planificación, execución, control e reparación, así como nunha serie de procedementos discursivos xerais e específicos para cada destreza, e deberánse proporcionar coñecementos que lle permitan comprender e producir textos axeitados ás necesidades das situacións de comunicación nas que participe ou poida participar.

En canto á avaliación, esta debe ser entendida como un instrumento para verificar e valorar o grao de competencia comunicativa do alumnado, como unha ferramenta que ofrece información e permite reflexio-

nar sobre todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Así, este proceso é susceptible de ser permanentemente revisado, concretado e reinterpretado.

1. Definición do nivel.

O nivel básico presentará as características do nivel de competencia A2, segundo este nivel se define no MECR.

O nivel básico ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación como intermediario entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

2. Os elementos do currículo.

O currículo do nivel básico está organizado atribuíndolle obxectivos xerais e obxectivos específicos a cada destreza. Eles serán os referentes de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. O seu grao de adquisición está definido e acoutado nos criterios de avaliación. Pola súa parte, os contidos responden a aquilo que se debe ensinar e aprender para lograr os obxectivos comunicativos propostos para este nivel. Carecen de entidade propia pois unicamente deben ser considerados na medida en que son os instrumentos necesarios para acadar o grao de dominio lingüístico establecido nos criterios de avaliación e, xa que logo, os obxectivos deste nivel básico.

Para lograr as aprendizaxes establecidas para este nivel, realizaranse actividades da lingua que impliquen procesos para producir e recibir textos relacionados con temas incardinados en ámbitos específicos, poñendo en xogo as estratexias máis axeitadas para levar a cabo as tarefas que se deban realizar. Así pois, os departamentos didácticos deberán considerar os obxectivos e os criterios de avaliación como o punto de partida e o centro das súas programacións: as tarefas, os contidos, as actividades e instrumentos de avaliación, os materiais e o enfoque metodolóxico polo que se opte deberán estar, en todo caso, supeditados a eles.

2.1. Obxectivos xerais.

2.1.1. Comprensión oral.

Comprender o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais de textos breves, referidos a asuntos da vida cotiá, ben estruturados, articulados a unha velocidade lenta e con claridade, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, nunha variedade de lingua estándar, e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.

2.1.2. Expresión e interacción oral.

Producir textos orais breves, referidos a asuntos da vida cotiá, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, e comunicarse de forma comprensible, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

2.1.3. Comprensión de lectura.

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles relevantes en textos breves referidos a asuntos da vida cotiá, de estrutura sinxela e clara, nunha variedade de lingua estándar.

2.1.4. Expresión e interacción escrita.

Escribir textos breves e de estrutura sinxela, referidos a asuntos da vida cotiá, nos que se pide ou transmite información, utilizando axeitadamente os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

2.2. Obxectivos específicos.

2.2.1. Básico 1.

2.2.1.1. Comprensión oral.

Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas frecuentes que se refiren ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude e con claridade.

Seguir un texto breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.

Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.2.1.2. Expresión e interacción oral.

Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.

Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo e sobre outras persoas, e expresar gustos, preferencias e intereses sobre temas moi cotiáns.

Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.

Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas sempre que se fale

a modo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionando adecuadamente.

Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración do interlocutor para entender e facerse entender.

2.2.1.3. Comprensión de lectura.

Comprender textos que inclúan ou soliciten información persoal básica. Comprender instrucións breves e sinxelas, e indicacións, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender mensaxes breves que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia. Comprender correspondencia persoal moi breve e sinxela.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.2.1.4. Expresión e interacción escrita.

Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.

Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.

Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

2.2.2. Básico 2.

2.2.2.1. Comprensión oral.

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas con que se estea moi familiarizado sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiás que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.2.2.2. Expresión e interacción oral.

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e aos interlocutores.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos oíntes se lles repiten e se lle axudan coas respostas.

Expoñer plans e facer hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais en relación con asuntos cotiás; e expresar de forma breve a opinión, as crezas ou suxestións sobre un tema coñecido.

Solicitar a colaboración do interlocutor e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

2.2.2.3. Comprensión de lectura.

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos pouco complexos, en lingua estándar e relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiás.

Comprender o sentido xeral e identificar información relevante en textos xornalísticos breves e sinxelos, que describan feitos e acontecementos coñecidos, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender textos instrutivos, argumentativos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.2.2.4. Expresión e interacción escrita.

Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos relacionados con temas cotiás

Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal e na que se expresen sentimentos, opinións,

reaccións e actitudes, ou se solicite ou ofrezca un servizo ou información, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

3. Contidos xerais básicos.

3.1. Competencias xerais.

Coa finalidade de realizar as tarefas e as actividades que se requiren para abordar as situacións comunicativas nas que participan, os alumnos utilizarán varias competencias desenvolvidas no curso da súa experiencia previa. Á súa vez, a participación en acontecementos comunicativos, incluída a aprendizaxe de linguas, dá como resultado un maior desenvolvemento destas competencias. Todas as competencias humanas contribúen dunha forma ou doutra á capacidade comunicativa do alumno e poden considerarse aspectos da competencia comunicativa. No entanto, pode resultar útil distinguir entre as competencias lingüísticas propiamente ditas e as competencias xerais, menos relacionadas coa lingua pero que xogan un papel esencial na eficacia da comunicación. É destas últimas das que nos imos ocupar neste punto.

Estas competencias serán desenvolvidas ao longo de todo o nivel básico.

3.1.1. Competencia sociocultural.

Dado que as actividades comunicativas se integran dentro dun contexto sociocultural, as alumnas e os alumnos deben adquirir un coñecemento da sociedade, da mentalidade e da cultura dos países e territorios en que se fala o idioma obxecto de estudo. De todos é sabido que a ausencia de competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación.

O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do nivel básico.

Estes contidos deberán considerarse ao elaborar os materiais didácticos, mais non terán que aparecer necesariamente nun punto específico da programación, xa que a maioría deles poden presentarse formando parte das diferentes áreas temáticas, coas que están estreitamente relacionados.

Teranse en conta as seguintes áreas:

A vida cotiá: a distribución do día e a rutina diaria: horarios e hábitos de comida, alimentos asociados; horarios e costumes relacionados co traballo; os ciclos anuais (estacións, festas e vacacións); actividades de lecer, etc.

As convencións sociais e as fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá: comportamento na mesa, felicitacións, invitacións, presentacións, puntualidade, regalos, saúdos e despedidas; tabús, vestiario, etc.

As condicións de vida: condicións da vivenda, condicións laborais (introdución ao mundo laboral, busca de emprego...), sanidade (seguridade social, hábitos de saúde e hixiene...), transporte, sistema educativo, etc.

Os servizos públicos: servizos de comunicación (teléfono, correo...), medios de transporte e tipos de establecementos.

As relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares: relacións familiares, xeracionais e profesionais; relacións entre distintos grupos sociais, relación coas autoridades ou coa Administración, etc.

Valores, crenzas e actitudes: principais festas populares, costumes e tradicións máis frecuentes, celebracións máis significativas e comportamento nelas (p.e., en aniversarios...), principais relixións, etc.

A linguaxe corporal e os sons paralingüísticos: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume, etc.

3.1.2. Competencia estratéxica.

As programacións didácticas terán en conta os diferentes tipos de estratexias de aprendizaxe e de comunicación. É importante facerlles comprender aos alumnos a importancia de establecelas como base para o futuro desenvolvemento da competencia comunicativa, especialmente no nivel básico, e para que poidan autodirixir consciente e intencionalmente a súa aprendizaxe.

Estas estratexias non serán avaliadas directamente, aínda que o maior ou menor grao de aplicación destas inflúa na consecución dos obxectivos.

As estratexias que cómpre ter en conta nas distintas programacións didácticas para lle axudar ao alumno a comprender, aprender ou lembrar nova información son, entre outras:

3.1.2.1. Estratexias de aprendizaxe.

As estratexias de aprendizaxe son maneiras de obter, comprender e reter a nova información na memoria para poder utilizala posteriormente; inclúen tanto a reflexión sobre o que se aprende e a maneira de aprendelo como as nocións, as motivacións ou a organización da aprendizaxe. Algunhas estratexias son:

Establecer de forma clara e realista os propios obxectivos e as necesidades a curto e a longo prazo.

Organizar adecuadamente o tempo persoal para a aprendizaxe da lingua.

Desenvolver o estilo de aprendizaxe que mellor se adapte ás características persoais e ás distintas tarefas e contidos lingüísticos.

Desenvolver e utilizar técnicas de estudo e de traballo adecuadas ás propias capacidades e ás distintas tarefas e contidos lingüísticos obxecto de aprendizaxe.

Organizar e usar axeitadamente o material persoal de aprendizaxe.

Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, utilizando os recursos dispoñibles tanto dentro coma fóra da aula e da escola e buscando ou creando oportunidades para practicar a lingua.

Recoñecer e entender a función dos distintos tipos de actividades así como das diversas funcións do profesor.

Comprender o papel dos erros no proceso de aprendizaxe e aprender deles.

Utilizar a autoavaliación como elemento de mellora do proceso de aprendizaxe.

Usar materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, novas tecnoloxías, etc.).

Tomar notas de palabras clave mentres se escoita ou se le.

Empregar recursos para destacar a información importante dun texto.

Utilizar distintas técnicas de memorización e organización axeitadas ao estilo de aprendizaxe persoal, por exemplo, os mapas conceptuais ou as táboas de clasificación.

Utilizar a linguaxe aprendida a medida que se adquire.

Aproveitar a presenza de nativos ou falantes cun nivel de competencia lingüística máis avanzado para aclarar, verificar ou corrixir.

Tolerar a comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

Valorar e reforzar a motivación como clave do éxito na aprendizaxe.

Solicitar axuda, correccións, aclaracións ou confirmacións.

Participar en actividades de lecer conectadas coa aprendizaxe da lingua.

Saber traballar en equipo, considerando os compañeiros como outra fonte máis de aprendizaxe.

3.1.2.2. Estratexias de expresión.

Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.

Planificar o texto na súa estrutura básica.

Ensañar o texto oral ou escrito (p.e., gravarse, repetir termos en voz alta, empregar regras mnemotécnicas, subliñar...).

Adecuar de forma básica o texto (oral ou escrito) ao destinatario, ao contexto e á canle.

Aproveitar os coñecementos previos (p.e., utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro...).

Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.

Utilizar procedementos lingüísticos (p.e., aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna ou «estranxeirizar» palabras desta...) ou extralingüísticos (p.e., facer ver aquilo ao que quere referirse sinalándoo co dedo, usar a linguaxe corporal, usar sons onomatopéicos...).

Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos (p.e., no caso de textos orais, analizar a reacción do interlocutor ou da audiencia...).

Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.

3.1.2.3. Estratexias de comprensión.

Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.

Identificar o tipo de texto adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.

Decidir con antelación prestar especial atención a distintos aspectos do texto oral ou escrito (p.e., comprender o sentido xeral, procurar información específica...).

Predicir e facer hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.

Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos do nivel.

Identificar o contexto e os coñecementos adecuados a ese contexto.

Establecer expectativas ou facer hipóteses respecto á organización e ao contido do texto.

Deducir e inferir do contexto o significado probable das palabras ou frases que descoñece.

Identificar o tema e a idea principal dun texto.

No caso de textos escritos, utilizar ferramentas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

Tratar de lembrar as palabras ou estruturas novas aprendidas.

3.1.2.4. Estratexias de interacción.

Preparar ou planificar o posible desenvolvemento do intercambio tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.

Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou acabar unha conversa breve e para pedir que lle presten atención.

Resolver de forma básica dúbidas ou bloqueos na comunicación, gañando tempo para pensar.

Cooperar co interlocutor para facilitar a comprensión mutua, pedindo ou facilitando axuda ou aclaracións cando sexa preciso.

Efectuar, de forma básica, as repeticións, aclaracións e correccións necesarias para compensar as dificultades, rupturas e malentendidos na comunicación.

Valorar se se comunicou ou non o que se desexaba.

3.2. Competencias comunicativas.

3.2.1. Competencias lingüísticas.

Considéranse incluídos no nivel básico 2 todos os contidos consignados para o nivel básico 1 segundo a súa pertinencia para acadar os obxectivos dese nivel.

3.2.1.1. Contidos léxico-semánticos.

Sínalanse os aspectos que o alumno debe ser capaz de comprender ou producir dos temas xerais que se indican. O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados para desenvolver estes aspectos adecuaranse aos obxectivos que marca cada un dos dous cursos do nivel básico.

Os contidos léxico-semánticos deberán adaptarse ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo.

Básico 1:

Identificación persoal:

Nome.

Enderezo.

Teléfono, enderezo electrónico.

Data e lugar de nacemento.

Idade e sexo.

Estado civil.

Orixe e nacionalidade.

Profesión propia e dos achegados.

Familia directa.

Gustos e hábitos.

Vivenda, fogar e contorna:

A vivenda e as súas dependencias: partes da casa

Mobiliario básico.

Actividades da vida diaria:

Na casa.

No traballo.

Tempo libre e ocio:

Actividades de lecer (xogos, deportes, prensa, radio, televisión...).

Actividades culturais (cine, teatro, museos, exposicións...).

Viaxes e transportes:

Lugares de interese público:

Transporte público (horarios, billetes, medios de transporte).

Transporte particular.

Relacións humanas e sociais:

Relacións con outras persoas: familiares, amorosas, de amizade, etc.

Invitacións e citas.

Formas de tratamento sinxelas.

Correspondencia persoal.

Saúde e coidados físicos:

Estado físico (dor, malestar) e necesidades corporais (sono, fame, cansazo, frío, ir ao baño...).

Hixiene e coidado corporal.

Partes do corpo.

Educación:

Material e actividades da aula.

Compras e actividades comerciais:

Establecementos comerciais.

Prezos e formas básicas de pagamento.

Alimentación:

Alimentos.

Comidas do día.

Tipos de comida e bebida.

Tipos de establecementos: cafés, bares, restaurantes...

Bens e servizos:

Correos e telecomunicacións.

Servizos de emerxencia.

Lingua e comunicación:

Actividades de lingua (comprender, falar, repetir...).

Metalinguaxe non especializada (letra, son, frase...).

Clima, condicións atmosféricas e ambiente:

Animais e plantas da contorna.

Estacións do ano.

Fenómenos atmosféricos (calor, frío, chuvia, sol...).

Ciencia e tecnoloxía:

Medios técnicos de comunicación (telefonía, internet).

Básico 2:

Identificación persoal:

Formación e experiencia laboral.

Descrición persoal: carácter, preferencias, crenzas.

Descrición persoal: aspecto físico.

Vivenda, fogar e contorna:

Mobiliario.

Electrodomésticos e aparellos electrónicos.

A vivenda e a contorna.

Aluguer.

Servizos (auga, luz, calefacción...).

Tempo libre e ocio:

Afeccións e intereses.

Viaxes e transportes:

Vacacións.

Aloxamento.

Equipaxe.

Documentación.

Lugares de interese turístico.

Relacións humanas e sociais:

Actos sociais: festas, reunións.

Correspondencia formal.

Saúde e coidados físicos:

Accidentes.

Saúde e enfermidade.

Educación:

Centros de ensino.

Tipos de estudos.

Compras e actividades comerciais:

Artigos para a casa.

Moda e vestido.

Alimentación:

Comida: preparación e sabores.

Materiais e utensilios.

Bens e servizos:

Bancos.

Institucións.

Servizos médicos.

Servizos sociais.

Clima, condicións atmosféricas e ambiente:

Previsións meteorolóxicas.

Paisaxe: campo, cidade.

Ciencia e tecnoloxía:

Aparellos de uso cotián.

3.2.1.2. Contidos gramaticais (ver anexo A).

3.2.1.3. Contidos ortográficos (ver anexo A).

3.2.1.4. Contidos fonéticos (ver anexo A).

Os recursos lingüísticos que se recollen por idiomas no anexo A son os que se consideran suficientes para acadar os obxectivos previstos para cada un dos cursos do nivel básico, e non se deben entender nin programar illadamente senón en función deses obxectivos. Sen excluír as conceptualizacións propias do proceso de aprendizaxe, non se trata de levar os alumnos a unha reflexión metalingüística ou a unha aprendizaxe formal, senón a un uso contextualizado e integrado deses recursos. A nomenclatura gramatical que se utilice na clase será a imprescindible e o máis clarificadora posible.

A organización por cursos dos contidos gramaticais, ortográficos e fonéticos ten por obxectivo servirles de orientación aos departamentos didácticos na elaboración das programacións. Cómpre lembrar que estes contidos non serán avaliados separadamente e que o criterio na súa introdución e no seu grao de utilización será, en calquera caso, a súa pertinencia para acadar os obxectivos xerais e específicos de cada destreza.

3.2.2. Competencia sociolingüística.

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Para que a comunicación sexa eficaz, o usuario da lingua non só ten que coñecer os recursos dispoñibles, senón tamén saber utilízalos axeitadamente en cada contexto. Neste sentido, enténdese que a competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar e comportarse de forma axeitada en diferentes situacións.

As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas competencias encóntranse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos e normas de cortesía.

Básico 1:

Ao final do primeiro curso do nivel básico, as alumnas e os alumnos estarán en condicións de establecer contactos sociais básicos axeitados en contextos da vida cotiá, e relacionados coa utilización de servizos públicos e as relacións persoais utilizando as convencións sociais e as fórmulas de cortesía máis sinxelas e cotiás relativas a saúdos, despedidas e presentacións; e utilizando expresións como «por favor», «grazas», «síntoo moito», etc.

Básico 2:

Ao final do segundo curso do nivel básico, as alumnas e os alumnos estarán en condicións de desenvolverse axeitadamente en intercambios sociais moi breves no ámbito das relacións persoais, utilizando fórmulas cotiás de saúdo e tratamento, e amosarán de maneira adecuada a linguaxe corporal que corresponda. Estarán en condicións, por exemplo, de realizar

invitacións, suxestións, pedir desculpas e responder a elas.

Así mesmo, estarán en condicións de realizar funcións básicas da lingua como intercambiar e demandar información e responder a ela, ou expresar opinións e actitudes de xeito sinxelo en contextos relacionados coas condicións de vida. Ademais, estarán en condicións de desenvolverse nas relacións sociais de modo sinxelo pero con eficacia; utilizando as expresións máis sinxelas e correntes, seguindo fórmulas básicas, coñecendo as correspondentes convenções sociais, sabendo tomar a palabra, etc.

3.2.3. Competencias pragmáticas.

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumno ou a alumna dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

3.2.3.1. Contidos funcionais.

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e fórmulanse en termos de expresión, pero considérase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

Básico 1:

Usos sociais da lingua:

Saudar e despedirse.

Presentarse ou presentar a alguén.

Dirixirse a alguén.

Pedir desculpas.

Agradecer.

Felicitar.

Convidar.

Interesarse por persoas.

Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.

Control da comunicación:

Manifestar comprensión e incomprensión.

Pedir confirmación da comprensión ao interlocutor.

Solicitar axuda ao interlocutor para facilitar a comprensión: por exemplo, falar devagar, soletrear, repetir.

Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Información xeral:

Pedir e dar información sobre datos persoais.

Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.

Preguntar ou expresar se existe algo, e se se sabe unha cousa.

Indicar posesión.

Indicar onde e cando ocorre algo.

Referirse a accións cotiás presentes.

Opinións e valoracións:

Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios).

Afirmar e negar algo.

Mostrar acordo, satisfacción (e contrarios).

Preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguridade ou inseguridade.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

Expresar sensacións físicas e sentimentos.

Petición de instrucións e suxestións:

Pedir axuda, obxectos e servizos.

Invitar, e reaccionar adecuadamente.

Básico 2:

Usos sociais da lingua:

Iniciar e concluír unha conversa telefónica.

Control da comunicación:

Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

Información xeral:

Descibir persoas, obxectos e lugares.

Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.

Expoñer proxectos e formular hipóteses.

Opinións e valoracións:

Valorar un feito.

Xustificar unha opinión ou unha actividade.

Preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

Expresar estados de ánimo.

Petición de instrucións e suxestións:

Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.

Suxerir unha actividade.

3.2.3.2. Contidos discursivos.

3.2.3.2.1. Coherencia e cohesión.

Un enfoque centrado no uso do idioma supón considerar o texto como a unidade mínima de comunicación. Para que un texto teña validez, desde o punto de vista comunicativo, debe ser coherente con respecto ao contexto en que se produce e debe presentar unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. O alumnado deberá adquirir, daquela, as competencias

discursivas que lle permitan producir e comprender textos tendo presente a súa coherencia e cohesión.

Estes recursos entenderanse tanto para a expresión como para a comprensión.

Básico 1:

Coherencia.

Asociar enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilízalos (fórmulas de cortesía, saúdos, despedidas).

Adaptar formas de tratamento e fórmulas sociais básicas (saúdos, despedidas) á relación social co/coa interlocutor/a.

Seleccionar o léxico e as estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo.

Adaptarse ás características, organización básica e formato dos textos orais e escritos aos que se enfronta ou que produce, recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar recursos deícticos básicos para garantir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión:

Utilizar recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito ou oral (dirixirse a alguén, tomar a palabra).

Utilizar os recursos básicos de puntuación seguindo as regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar os patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa.

Manter, de forma incipiente, a concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Usar conectores básicos para enlazar grupos de palabras.

Básico 2:

Coherencia.

Seleccionar o léxico e as estruturas adecuadas, e ofrecer información suficiente e relevante para acadar o propósito comunicativo.

Adaptarse ás características, á organización básica e ao formato dos textos orais e escritos aos que se enfronta ou que produce, recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Recoñecer e usar un rexistro básico formal ou informal -dentro do estándar- de acordo co grao de familiaridade co interlocutor (tratamentos, xestos e actitudes).

Organizar a información aínda que sexa de modo lineal, de forma coherente e unitaria, evitando contradicións e repeticións.

Cohesión:

Utilizar formulas adecuadas e sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el.

Utilizar recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito ou oral.

Utilizar recursos simples para evitar repeticións innecesarias.

Utilizar os recursos básicos de puntuación seguindo as regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar os patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa.

Usar elementos deícticos para referirse a conceptos citados anteriormente.

Usar os conectores máis frecuentes para enlazar oracións.

Utilizar as concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

Cohesionar o texto, retomando a información, con recursos sinxelos.

3.2.3.2.2. Tipoloxía de textos.

A palabra «texto» está empregada neste currículo no sentido amplo e coas características que lle outorga o MECR: O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso.

Este punto inclúe un repertorio de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

Básico 1:

Oral.

Anuncios (instrucións e indicacións).

Contactos sociais.

Conversas á cara.

Transaccións.

Presentacións.

Escrito.

Fichas, formularios e cuestionarios.

Listaxes.

Horarios.

Catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos.

Etiquetas.

Billetes e entradas.

Correspondencia persoal (cartas, tarxetas postais, correos electrónicos, telefax, invitacións, felicitacións, tarxetas de visita...).

Anuncios (instrucións e indicacións).
 Carteis, letreiros e sinais.
 Menús.
 Textos literarios moi sinxelos.
 Manuais de instrucións.
 Notas e mensaxes.
 Dicionarios e thesaurus (dicionarios bilingües).
 Básico 2:
 Oral.
 Mensaxes.
 Anuncios (instrucións e indicacións).
 Avisos.
 Horarios.
 Entrevistas.
 Transaccións e xestións.
 Menús.
 Partes meteorolóxicos.
 Partes informativos.
 Exposición e presentación pública.
 Conversas á cara.
 Conversas telefónicas e mensaxes gravadas.
 Contos, historias e anécdotas.
 Presentacións.
 Escrito.
 Fichas, formularios, cuestionarios e enquisas.
 Listaxes.
 Horarios.
 Catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos.
 Etiquetas de produtos e embalaxes.
 Billetes e entradas.
 Correspondencia persoal (cartas, tarxetas postais, correos electrónicos, telefax, invitacións, felicitacións, tarxetas de visita...).

Correspondencia formal.

Anuncios (instrucións e indicacións).
 Carteis, letreiros e sinais.
 Notas e mensaxes.
 Menús.
 Textos xornalísticos (noticias, ofertas de traballo...).

Textos literarios sinxelos.
 Currículos.
 Manuais de instrucións.

Notas e mensaxes.
 Axendas e diarios.
 Tiras cómicas.
 Folletos.
 Receitas de cociña.
 Horóscopos.
 Programacións de radio e de televisión.
 Carteleiras de espectáculos.
 4. Criterios de avaliación por destrezas.
 4.1. Acceso de básico 1 a básico 2.

Para poder acceder ao nivel básico 2 as alumnas e os alumnos demostrarán, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral.

Comprender fórmulas básicas de contacto social, como saúdos, despedidas, desculpas e agradecementos, identificando a intención de comunicación e a relación de formalidade entre os interlocutores.

Trátase de verificar con este criterio a capacidade de recoñecer as fórmulas de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns, e aquelas utilizadas para iniciar e terminar o discurso, así como a intención comunicativa dos falantes que as utilizan (agradecer, interesarse por algo ou alguén, desculparse...), reaccionando de forma adecuada á situación de comunicación e á intención do emisor ou do interlocutor.

Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

Con este criterio avalíase a capacidade para comprender os puntos esenciais e a información principal en conversas cotiás que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con lentitude e boa articulación. Así mesmo, preténdese verificar a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como pedirle aclaracións e repeticións ao interlocutor de forma axeitada.

Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos, e relativas ao traballo, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos (teléfono, televisión, radio, etc.), e articuladas amodo, utilizando frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade para comprender os detalles da conversa (datos persoais, horarios, prezos, números, preguntas sinxe-

las) en transaccións moi básicas no ámbito persoal, que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.

Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves, sempre que poidan ser repetidas.

Este criterio avalía a capacidade de reaccionar de forma adecuada, lingüisticamente ou coas accións pertinentes, ante instrucións, prohibicións, permisos ou indicacións sinxelas e breves, articuladas a unha velocidade lenta e con moita claridade (por exemplo, na aula, para orientarse nunha cidade...), especialmente se se poden volver escoitar.

Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que conteñan conversas, narracións e/ou descrições emitidas mediante estruturas e léxico moi básico, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoltalas máis dunha vez.

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para identificar os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados con xeito e de maneira comprensible, que conteñan intercambios, narracións e/ou descrições moi sinxelas, que traten sobre asuntos previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.

Utilizar estratexias de comprensión para superar as limitacións que se encontren na comprensión da mensaxe, mediante claves identificadas no contexto lingüístico e non lingüístico.

Con este criterio avalíase, en todas as tarefas de comprensión oral, a capacidade do alumnado para predicir e facer hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e das expectativas predicibles na situación de comunicación, deducindo o significado probable das palabras ou frases que descoñece coa axuda dos coñecementos doutras linguas, de claves contextuais (lugar da palabra na frase) e contextuais (ton da voz, expresións faciais, postura, posición no espazo, actos explícitos e xestos, que amosan e regulan o comportamento dos individuos), etc.

Expresión e interacción oral.

Establecer contactos sociais moi básicos de xeito intelixible sempre que o interlocutor colabore utilizando un discurso claro e lento e que repita o que non se comprende.

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para utilizar de maneira espontánea as formas de cortesía máis sinxelas e cotiás relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.

Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo e sobre outras persoas usando un repertorio básico de palabras e frases illadas, e facéndose comprender aínda que o interlocutor necesite repeticións e aclaracións.

Con este criterio valorarase a capacidade do alumno de reaccionar nunha conversa á cara, se é quen de dar e obter información sobre datos básicos, persoais como profesión, residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc. Valorarase que posúe un repertorio básico de expresións sinxelas relativas a estes datos. A conversa estará caracterizada por intervencións moi breves e significativas e verificarase a capacidade de usar rutinas sinxelas e básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra.

Formular invitacións e realizar propostas moi sinxelas, reaccionando adecuadamente a elas, se se lle fala con xeito e con claridade, e usando estruturas lingüísticas sinxelas dentro dun repertorio aprendido.

Con este criterio avaliarase a capacidade de ofrecer e rexeitar (invitar a ir ao cine, ir a clase xuntos, pedir appuntamenti...) utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía. Valorarase a utilización adecuada das expresións relativas á expresión do acordo, do desacordo, do interese, da posibilidade e imposibilidade, así como a expresión de números, cantidades, horas e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro.

Comprender e dar instrucións e indicacións moi breves e sinxelas se se formulan amodo e articuladas claramente, e reaccionar adecuadamente ante elas, aínda que sexan necesarias repeticións e aclaracións e se teña que recorrer ao uso de estratexias paralingüísticas.

Trátase de avaliar esencialmente que o alumno é quen de seguir e dar instrucións moi básicas (como ir a un lugar ou comprender avisos básicos). Valorarase que se fagan preguntas e se dean respostas para asegurar a comunicación. Os intercambios comunicativos poderán presentar algunhas incorreccións sempre que non imposibiliten a comunicación.

Comunicarse en conversas sinxelas que requiran o intercambio de experiencias persoais e de actividades cotiás e de necesidade inmediata mediante frases memorizadas, breves e illadas, facéndose comprender aínda que se fagan pausas para buscar as expresións e as palabras menos habituais, sendo capaz de utilizar as estratexias que lle permitan garantir a comunicación.

Trátase de avaliar a capacidade de formular e responder intelixiblemente preguntas sinxelas sobre a súas actividades da vida diaria, tempo libre e lecer, relacións humanas e sociais habituais e sobre as condicións atmosféricas. Valorarase a utilización dun repertorio léxico moi elemental pero propio dos distintos temas abordados.

Expresar brevemente e de xeito comprensible sentimentos e sensacións físicas frecuentes empregando un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas, e podendo axudarse de accións non lingüísticas discretas e axeitadas.

Con este criterio avalíase a capacidade de facerse entender utilizando expresións frecuentes no ámbito

público da saúde e dos coidados físicos (doenzas, accidentes, consultas), así como na expresión máis básica dos sentimentos e intereses persoais, tales como satisfacción, gusto e tristeza, admiración e sorpresa. Valorarase, igualmente, a utilización de estratexias de comunicación como o uso de xestos apropiados e as exaxeracións.

Seguir unha breve exposición sinxela sobre un tema cotián, articulada de forma lenta e clara, entendendo o suficiente para poder pedir aclaracións e repeticións que aseguren a comprensión das ideas principais.

A través deste criterio apreciarase a capacidade para comprender o esencial de monólogos emitidos á cara, aínda que non se comprendan na súa totalidade.

Utilizar estratexias de comunicación e de comprensión para asegurar o éxito da interacción.

A través deste criterio, aplicable a todas as tarefas de expresión e interacción oral, valorarase o uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais (uso do contexto verbal e non verbal; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave) e de estratexias de comunicación como a pertinencia das preguntas ou das solicitudes de repeticións que permitan verificar a comprensión, o uso de xestos non esaxerados, o soletreo de palabras non comprendidas, etc.

Comprensión de lectura:

Comprender a información esencial, e os puntos principais ou detalles relevantes en textos breves, de estrutura sinxela, que conteñan información persoal básica propia e doutras persoas.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno para identificar información persoal básica (descrición física, nome, enderezo, teléfono, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) presentada ou solicitada en textos como formularios, fichas, cuestionarios, carnés ou anuncios.

Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno para seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións. Por exemplo, indicacións para chegar a un enderezo ou lugar, frecuencia da dose dun medicamento ou produto de coidado persoal, manexo elemental de aparellos, funcións básicas en páxinas da internet, horarios de transportes públicos ou espectáculos, prezos e cantidades, etc.

Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, se é o caso, en parágrafos curtos relacionados con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade para atopar a información que se precise cunha finalidade inmediata en pequenas narracións moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de ocio, dicionarios, catálogos, etc.

Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en papel ou soporte dixital.

Con este criterio preténdese verificar a capacidade do alumno para identificar a intención de comunicación, fórmulas de saúdo e despedida e outras convencións básicas propias deste tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado a postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, etc.

Comprender textos escritos sinxelos superando as dificultades lingüísticas mediante a extrapolación de significados utilizando estratexias lingüísticas e non lingüísticas.

Este criterio tenta medir, en todas as tarefas de comprensión de lectura, a capacidade do alumno de inferir significados a partir do coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais: imaxes, tipografía, deseño, etc., así como das características do medio en que aparece impresa a información: revistas, carteis, xornais, folletos, internet, etc.

Expresión e interacción escrita:

Completar textos escritos en papel ou soporte dixital nos que se solicita información básica sobre a identificación persoal.

Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para cubrir adecuadamente cuestionarios, formularios ou impresos con información persoal básica (nome, nacionalidade, idade, enderezo...).

Escribir notas e mensaxes moi breves e sinxelas relativas a necesidades inmediatas.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de escribir textos breves moi sinxelos con información de inmediata necesidade (indicando horas, número, prezo...), empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, e frases e oracións simples e illadas, ou enlazadas con conectores elementais.

Escribir textos con información, instrucións e indicacións moi básicas e breves relacionadas con actividades cotiás ou de inmediata necesidade.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar textos moi curtos como a enumeración de actividades moi habituais, listas de tarefas, listas de compras, etc; textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc., empregando unha serie de modelos de oracións preparadas de antemán.

Escribir, a partir dun modelo, correspondencia persoal moi breve e sinxela sobre temas da vida cotiá ou de inmediata necesidade.

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para escribir, en papel ou soporte dixital, notas, cartas persoais, postais, felicitacións e correos electrónicos moi sinxelos e breves, que conteñan información cotiá ou de primeira necesidade. Isto farase a partir de modelos previos, usando as fórmulas máis básicas de saúdo e despedida, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións simples e illadas ben estruturadas e cunha orde lóxica, dentro dun repertorio aprendido.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes seguindo textos modelo.

Con este criterio preténdese avaliar, en todas as tarefas de expresión escrita, a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten o proceso de escritura seguindo modelos de textos de características similares; a planificación e o ensaio do texto; a revisión que garanta a corrección tanto ortográfica como na orde das palabras e na presentación do escrito. Tamén se valorará o uso eficaz de materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, as novas tecnoloxías, etc.).

4.2. Básico 2:

Ao final do básico 2, as alumnas e os alumnos deberán demostrar, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral.

Comprender o sentido global de conversas que aborden temas básicos cotiáns, se se fala amodo e con claridade utilizando expresións e palabras habituais do tema en cuestión, e identificar un cambio de tema.

Este criterio tenta verificar a capacidade de comprender a idea principal e o obxectivo comunicativo en interaccións orais relativas a accións, acontecementos e necesidades da vida cotiá, e nas que se articule lenta e claramente. Valorarase tamén a capacidade de identificar cambios de tema recoñecendo fórmulas e procedementos lingüísticos utilizados habitualmente para ese fin. Así mesmo, avaliarase a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como pedir a colaboración dos interlocutores de forma axeitada, solicitando aclaracións ou repeticións.

Comprender transaccións e xestións básicas sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

Trátase con este criterio de verificar a capacidade do alumnado de comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, e comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás sinxelas. Valorarase que se posúa un repertorio de palabras relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional.

Comprender a información esencial de textos gravados breves, así como conversas telefónicas, sobre temas previsibles e básicos, sempre que non haxa distorsión do son e se poidan pedir, se é o caso, repeticións e aclaracións, ou escoitalos máis dunha vez.

Trátase con este criterio de verificar o coñecemento dun repertorio de fórmulas básicas adecuadas para o desenvolvemento dunha conversa telefónica, e a capacidade de reaccionar adecuadamente ante elas.

Comprender os puntos principais e os detalles relevantes en mensaxes e anuncios públicos, transmitidos por medios técnicos ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa a situacións de necesidade inmediata.

Mediante este criterio preténdese avaliar que o alumnado é quen de comprender detalles concretos e relevantes (horas, números, letras, accesos básicos dos lugares públicos...) para o obxectivo comunicativo, relativos a accións, acontecementos e necesidades da vida cotiá.

Comprender textos sinxelos nos que soliciten ou dean información sobre feitos pasados, que contan anécdotas ou relaten experiencias persoais cotiás, cun repertorio de léxico e estruturas de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar.

Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais que contan experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias, a relevancia para a situación actual do falante e os sentimentos que suscitan.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas sinxelas, articuladas con xeito e con claridade, que se refiran a temas habituais e coñecidos.

Este criterio avalía a capacidade de identificar as palabras clave e ideas principais dunha exposición pública breve sobre un tema habitual previamente coñecido, utilizando os coñecementos previos sobre os recursos lingüísticos máis frecuentes que poidan aparecer, e deducindo o vocabulario relacionado co tema e o contido posible do exposto.

Comprender o sentido xeral e identificar a información esencial de textos audiovisuais como partes meteorolóxicos ou informativos, emitidos con pronunciación clara e pausada, e cando os comentarios contan co apoio de imaxes de carácter redundante.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de comprender textos audiovisuais informativos, sinxelos e breves (radio, televisión, publicidade, etc.), apoiándose para a comprensión nos elementos lin-

güísticos e paralingüísticos como son as imaxes, o coñecemento do lugar e do tema, o repertorio léxico previsible, sempre que sexa emitido con claridade, lentamente e en lingua estándar.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión sen limitarse aos coñecementos lingüísticos que se poidan posuír e recorrendo aos indicios do texto, aos coñecementos sobre o tema e á información que subministran os demais compoñentes da situación de comunicación.

Este criterio avalía, en todas as tarefas de comprensión, a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten a comprensión e permitan superar eventuais dificultades, pedindo a colaboración do interlocutor con fórmulas adecuadas, se é o caso, e deducindo do contexto o significado probable de termos descoñecidos, axudándose do coñecemento doutras linguas, dos acenos, da entoación e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).

Expresión e interacción oral.

Desenvolverse en intercambios sociais básicos utilizando fórmulas neutras e informais de saúdo e despedida, de estrutura sinxela, realizando e respondendo a invitacións e suxestións.

Trátase de avaliar a capacidade de expresarse nun rexistro estándar en situacións habituais de interacción social, usando adecuadamente os saúdos, despedidas, tratamentos e convencións para as quendas de palabra. Avalíase a capacidade para aceptar ou declinar unha invitación, dar a benvida, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas ou reaccionar ante elas, e mostrar empatía, se é o caso, co interlocutor.

Participar en conversas con intencións comunicativas básicas diversas facéndose entender, utilizando estratexias axeitadas para poder iniciar, manter e rematar o diálogo, producindo un discurso comprensible con expresións básicas e adecuado ás características da situación de comunicación.

Con este criterio avalíase a capacidade para desenvolverse de xeito intelixible en intercambios sinxelos habituais sen moito esforzo, utilizando as fórmulas de inicio e peche adecuadas ao rexistro familiar ou neutro derivado do contexto, e estratexias e recursos básicos que aseguren a comunicación cos interlocutores como preguntar, pedir que se repita ou pedir que se fale máis amodo.

Desenvolverse nunha entrevista e en transaccións e xestións cotiás facéndose entender e intercambiando a información pertinente se se fala con lentitude e claridade.

Este criterio avalía a capacidade para comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo relativas ao ámbito laboral (datos persoais, formación, gustos, intereses) e para obter bens e servizos en situacións de comunicación relativas a actividades da vida diaria (traballo, compras e actividades comer-

ciais, transportes), tempo libre e lecer, alimentación e saúde e outros temas do seu interese, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.

Producir un texto oral breve e sinxelo no que se narra e se describe algo ou alguén mediante un repertorio básico de palabras, expresións e estruturas, utilizando un nivel elemental de coherencia e cohesión, cunha pronunciación clara e comprensible, aínda que teña que facer pausas para pensar o que vai dicir e recorrer a reformulacións.

Con este criterio téntase avaliar a capacidade de manter un monólogo contando unha historia cun grao suficiente de coherencia e cohesión: utilizando os conectores lineais e de secuencia máis frecuentes e os recursos lingüísticos básicos, como anáfora, catáfora e proformas gramaticais. Valorarase a utilización de vocabulario básico relacionado co tema da narración ou da descrición, así como o uso adecuado das locucións prepositivas e do tempo da narración, de xeito que a secuencia temporal dos acontecementos poida ser seguida polo interlocutor.

Realizar presentacións breves, sinxelas e previamente ensaiadas, sobre temas habituais e coñecidos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos oíntes, sempre que estes as repitan cando se lles solicite e axuden coas súas respostas falando claro e amodo.

Valorase con este criterio a capacidade de producir un texto expositivo previamente ensaiado e de contido predicible para o oínte, cunha pronuncia suficientemente clara e comprensible, aínda que o interlocutor teña que solicitar repeticións de vez en cando para asegurarse de ter recibido a mensaxe. Valorarase, igualmente, a capacidade de responder ás preguntas dos interlocutores e de solicitar, cando cumpra, repeticións e aclaracións.

Intercambiar opinións sobre un tema coñecido mediante a expresión do coñecemento, a opinión, e a crenza, mediante fórmulas básicas e expresións frecuentes memorizadas, usando estruturas sintácticas e grupos de palabras básicos.

Con este criterio téntase avaliar a capacidade de participar nun intercambio simple e directo de información sobre actividades e asuntos cotiás, expresando a opinión, o desexo, o gusto, o descoñecemento, formulando hipóteses, rectificando ou confirmando. Valorarase a utilización de proposicións textuais introducidas por conectores simples de oposición (pero, non obstante, porén...), de adición (e, ademais, incluso...), de reformulación (é dicir, ou sexa...), de causa, de consecuencia e de peche do discurso (por último, para resumir...).

Expoñer plans ou facer hipóteses de forma breve, sinxela e comprensible, en conversas informais sobre asuntos cotiás.

Trátase de valorar a capacidade de describir unha intención ou un proxecto, e de facer suposicións, se é o caso, propoñer actividades, avaliar alternativas,

exemplificar e recapitular, usando expresións habituais, conectores de transición (por outro lado, por outra parte) ou temporais, cunha pronuncia intelixible para un locutor ben predisposto aínda que poidan producirse nalgún momento malentendidos e interrupcións.

Desenvolverse nas relacións sociais reaccionando coa expresión de actitudes e sentimentos de contento, satisfacción, decepción, interese, desinterese, esperanza, preferencia, admiración, sorpresa e tristeza, con expresións sinxelas e habituais, e respectando as normas de cortesía.

Trátase de avaliar a capacidade de expresarse nun rexistro estándar en situacións nas cales deban mostrar sentimentos que se acorden ou non coas persoas implicadas na interacción, utilizando os marcadores lingüísticos de relacións sociais básicos, as normas de cortesía, fórmulas fixas e habituais de rexistro neutro para lograr a adecuación sociolingüística á situación de comunicación.

Expresarse intelixiblemente e solicitar a colaboración do interlocutor e responder igualmente á petición deste para asegurar a comprensión e o mantemento da comunicación.

Trátase de verificar, en todas as tarefas de interacción oral, que se é quen mobilizar recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen a un máis amodo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non se entendeu. Valorarase que se teñan en conta aspectos paralingüísticos coma os acenos, a entoación, etc., e que se efectúen, de forma básica, as aclaracións e as repeticións solicitadas polo interlocutor.

Valorarase a intelixibilidade da pronuncia por enriba do fraseo e da entoación requiridas pola fluidez.

Comprensión de lectura:

Comprender instrucións, indicacións e información básica en lugares dos ámbitos público e de estudo, así como en páxinas web de estrutura moi sinxela, que contén con apoio visual.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumnado para seguir instrucións básicas, por exemplo, comprar ou reservar un billete pola internet, comprender informacións que lle permitan elixir un menú nun restaurante, seguir unha prescrición médica, unha receita de cociña, matricularse nun centro de estudos, etc.

4.1.3.3. Superlativos regulares (muito alto, altíssimo) e irregulares máis frecuentes (ótimo).

4.2. Modificación do núcleo mediante sintagma adverbial.

4.3. Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

4.4. Funcións sintácticas do sintagma (predicativo do suxeito: o libro é novo, etc.)

5. O sintagma verbal.

5.1. Núcleo: verbo.

5.1.1. Tempo.

5.1.1.1. Expresión do presente: presente do indicativo.

5.1.1.1.1. Formas regulares e irregulares máis frecuentes.

5.1.1.1.2. Pretérito imperfecto do indicativo (de cortesía).

5.1.1.2. Expresión do pasado.

5.1.1.2.1. Pretérito perfecto simple do indicativo: formas dos verbos máis usuais.

5.1.1.2.2. Pretérito imperfecto do indicativo: formas regulares e irregulares das tres conxugacións.

5.1.1.3. Expresión do futuro.

5.1.1.3.1. Presente do indicativo con valor de futuro.

5.1.1.3.2. Ir+inf.

5.1.2. Aspecto.

5.1.2.1. Contraste durativo/habitual: imperfecto do indicativo; estar a+inf., andar a+inf. / presente do indicativo, costumar + inf.

5.1.2.2. Contraste incoativo/terminativo: comezar a + inf. / pretérito perfecto simple do indicativo; acabar de + inf.

5.1.2.3. Contraste durativo / puntual: imperfecto do indicativo / pretérito perfecto simple do indicativo.

5.1.3. Modalidade.

5.1.3.1. Factualidade: indicativo.

5.1.3.2. Necesidade: ter de/que + inf.

5.1.3.3. Obriga: ter de/que + inf.

5.1.3.4. Capacidade: poder/saber + inf.

5.1.3.5. Permiso: poder + inf.; imperativo afirmativo formal e informal (formas regulares e formas irregulares máis usuais).

5.1.3.6. Posibilidade: poder+inf.; deber + inf.; se calhar + indicativo.

5.1.3.7. Prohibición: imperativo negativo formal e informal (formas regulares e formas irregulares máis usuais); não poder + inf.

5.1.3.8. Ordes e instrucións: imperativo afirmativo e negativo formal e informal (formas regulares e formas irregulares máis usuais).

5.1.3.9. Intención: querer/ter que/ter de/pensar+inf.; ir+inf.

5.1.4. O infinitivo persoal: formas e algúns usos frecuentes (cf. 2.1.8.).

5.2. Modificación do núcleo mediante negación.

5.3. Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

5.4. Funcións sintácticas no sintagma (verbo, suxeito, etc.).

6. O sintagma adverbial.

6.1. Núcleo: adverbios de uso máis frecuente (clases, grao).

6.2. Modificación do sintagma mediante sintagma adverbial.

6.3. Posición dos elementos.

6.4. Funcións sintácticas do sintagma: CC.

7. O sintagma preposicional.

7.1. Núcleo: preposicións simples de uso máis frecuente e principais locucións prepositivas.

7.1.2. Preposicións + artigos (crases / contraccións).

7.2. Posición dos elementos.

7.3. Funcións sintácticas do sintagma.

8. Conxuncións.

8.1. Conxuncións de uso máis frecuente: e, nem, ou, mas, porque.

3.2.1.3. Contidos ortográficos.

1. Sistema de escritura: o alfabeto.

2. Representación gráfica de fonemas e sons. Correspondencia letras-fonemas.

2.1. Dígrafos: ch, lh, nh; rr, ss.

2.2. Algunhas correspondencias da letra x: palabras como caixa, exame, sexta-feira, táxi.

2.3. Grupos consonánticos máis frecuentes (pt, ct, cc, cg, pc) en palabras usuais (p.e., óptimo, recepcionista, actor). Correspondencia escritura-pronuncia.

3. Uso dos caracteres: maiúsculas e minúsculas.

4. Sinais ortográficos: acentos grave, agudo e circunflexo, til nasal.

4.1. Acento diacrítico: pôr/por. Palabras de uso frecuente diferenciadas polo acento: a/à, e/é, esta/está, etc.

4.2. Uso do guión.

5. Sinais de puntuación.

3.2.1.4. Contidos fonéticos.

1. Sons e fonemas vocálicos.

1.1. Vogais e ditongos orais: tónicas/átonas; abertas/fechadas.

1.1.1. Introducción ao contraste entre as vogais a, e, o abertas/fechadas. Casos máis usuais de oposición fonolóxica con rendemento funcional (p.e., a/à, avô/avó).

1.1.2. Redución vocálica: regra xeral e excepcións máis usuais (p.e., son o inicial de palabra).

1.1.3. A vogal e en posición átona: pronuncia e caída.

1.2. Vogais e ditongos nasais.

1.2.1. Casos particulares de nasalidade: muito.

1.3. Vocalismo da conjugación verbal, casos máis usuais: presente e pretérito perfecto do indicativo.

2. Sons e fonemas consonánticos.

2.1. Oposición xordas/sonoras. Especial atención a /v/.

2.1.1. Oposicións entre sibilantes xordas/sonoras. Especial atención a /s/~/z/, /ʃ/~/ʒ/.

2.2. O fonema /ʎ/.

2.3. As realizacións [L] e [R].

3. Procesos fonéticos.

3.1. Caídas habituais: para [prα], está? [ta], espera aí [péraf].

3.2. Fenómenos frecuentes de simplificación fonética por aglutinación: senhor Doutor -> setor [stor], sôtor [sôtor].

4. Curvas de entoación habituais e pautas básicas de entoación.

Portugués:

Básico 2:

3.2.1.2 Contidos gramaticais.

1. A oración simple.

1.1. Fenómenos de concordancia.

1.1.1. Algúns casos especiais de concordancia: a maioría, a maior parte.

2. A oración composta.

2.1. Expresión de relacións lóxicas.

2.1.1. Conxunción: e aínda, e mesmo.

2.1.2. Disxunción: quer... quer..., ou entón.

2.1.3. Concesión: apesar de + infinitivo

2.1.4. Comparación: conforme, segundo

2.1.5. Relacións temporais.

2.1.5.1. Simultaneidade: ao + infinitivo

3. O sintagma nominal.

3.1. Núcleo. Substantivo e pronome.

3.1.1. Substantivo.

3.1.1.1. Xénero: outros casos. -ão / -oa e -ão / -ona en palabras usuais (p.e., patrão/patroa; solteirão/solteirona)

3.1.1.2. Número: outros casos. Palabras máis usuais con alteración de timbre da vogal tónica «o» (p.e., olho, ovo, almoço)

3.1.1.3. Grao: diminutivos máis usuais en -zinho (p.e., cãozinho, papelzinho, mãezinha); diminutivos de plurais (p.e., cãesinhos).

3.1.2. Pronomes.

3.1.2.1. Persoais: átonos e tónicos.

3.1.2.1.1. Casos frecuentes de colocación proclítica: tudo, todos, aínda.

3.1.2.2. Reflexivos: átonos e tónicos.

3.1.2.2.1. Si como reflexivo tónico/como pronome correspondente ao tratamento de respecto.

3.1.2.3. Indefinidos: variables e invariables.

3.2. Modificación do núcleo.

3.2.1. Modificación do núcleo mediante sintagma adxectivo, sintagma preposicional e frase de relativo.

3.2.1.1. O pronome relativo variable o qual.

4. O sintagma adxectivo.

4.1. Núcleo: adxectivo.

4.1.1. Xénero.

4.1.1.1. Outros casos: -ão / -ona en palabras usuais (p.e., aldrabão/aldrabona).

4.1.1.2. Outros casos: palabras máis usuais con alteración de timbre da vogal tónica «o» (p.e. gulo-so/gulosa).

4.1.2. Número.

4.1.2.1. Outros casos: palabras máis usuais con alteración de timbre da vogal tónica o (p.e. gulo-so/gulosos).

4.1.3. Grao.

4.1.3.1. Superlativos irregulares en -imo máis usuais: fácilmo, difícilmo.

5. O sintagma verbal.

5.1. Núcleo: verbo.

5.1.1. Tempo.

5.1.1.1. Expresión do presente: presente do indicativo.

5.1.1.1.1. Formas regulares e irregulares das tres conxugacións.

5.1.1.2. Expresión do pasado.

5.1.1.2.1. Pretérito perfecto simple do indicativo.

5.1.1.2.1.1. Formas regulares das tres conxugacións.

5.1.1.2.1.2. Formas irregulares dos verbos máis usuais.

5.1.1.2.2. Pretérito perfecto composto do indicativo.

5.1.1.2.2.1. Formas regulares do participio das tres conxugacións.

5.1.1.2.2.2. Formas irregulares máis usuais do participio.

5.1.1.3. Expresión do futuro.

5.1.1.3.1. Haver de+inf.

5.1.2. Aspecto.

5.1.2.1. Contraste iterativo e durativo/puntual: pretérito perfecto composto do indicativo/preterito perfeito simples do indicativo.

5.1.3. Modalidade.

5.1.3.1. Necesidade: precisar de/necesitar de+inf.; ser preciso/necessário+inf.

5.1.3.2. Obriga: ser obrigatório+inf.

5.1.3.3. Capacidade: ser capaz de+inf.

5.1.3.4. Permiso: ser possível/permitido+inf. Imperativo afirmativo formal e informal (formas regulares e irregulares).

5.1.3.5. Prohibición: imperativo negativo formal e informal (formas regulares e irregulares); não ser possível / ser impossível / ser proibido+inf.

5.1.3.6. Ordes e instrucións: imperativo afirmativo e negativo formal e informal (formas regulares e irregulares).

5.1.3.7. Intención: haver de+Inf.

5.1.4. O infinitivo persoal: formas e algúns usos frecuentes (cf. 2.1.3. e 2.1.5.).

5.1.5. Voz activa e formas máis usuais da voz pasiva (p.e., ontem fui assaltada).

5.1.5.1. Formas regulares e irregulares máis usuais do participio usadas na voz pasiva.

6. O sintagma preposicional.

6.1. Núcleo: preposicións simples de uso máis frecuente e principais locucións prepositivas.

6.2. Modificación do sintagma mediante adverbios restritivos: Estacionei mesmo em frente de casa.

3.2.1.3. Contidos ortográficos.

1. Sistema de escritura: o alfabeto.

2. Representación gráfica de fonemas e sons. Correspondencia letras-fonemas.

2.1. Algunhas correspondencias da letra x: palabras como próximo, trouxe.

3.2.1.4. Contidos fonéticos.

1. Sons e fonemas vocálicos.

1.1. Vogais e ditongos orais: tónicas/átonas; abertas/fechadas.

1.1.1. Contraste entre as vogais a, e, o abertas/fechadas. Oposición fonolóxica con rendemento funcional (p.e., cantamos/cantámos) e algúns casos frecuentes de oposición con rendemento funcional redundante con outras marcas (ovo/ovos, guloso/gulosa, gulosos, muito gosto/eu gosto, vocalismo da conxugación verbal).

1.1.2. Redución vocálica: regra xeral e algunhas excepcións frecuentes (p.e., normal, procurar e derivados).

2. Sons e fonemas consonánticos.

2.1. Realizacións fonéticas do -s final de palabra.

Ruso:

Básico 1:

3.2.1.2. Contidos gramaticais.

1. A oración simple.

1.1. Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.

1.1.1. Oración declarativa.

1.1.1.1. Suxeito en posición inicial.

1.1.1.2. CC en posición inicial.

1.1.1.3. Oración negativa.

1.1.1.3.1. Posición da negación.

1.1.1.4. Oracións elípticas.

1.1.2. Oración interrogativa.

1.1.2.1. Interrogativa total.

1.1.2.2. Interrogativa parcial con elemento interrogativo e elíptica.

1.1.2.3. Interrogativa disxuntiva con или.

1.1.3. Oración exclamativa.

1.1.3.1. Oracións declarativas con marca exclamativa.

1.1.4. Oración imperativa.

1.1.4.1. (Neg. +) V en posición inicial.

1.2. Fenómenos de concordancia.

2. A oración composta.

2.1. Expresión de relacións lóxicas.

2.1.1. Conxunción: и.

2.1.2. Disxunción: или.

2.1.3. Oposición: а, но.

2.1.4. Causa: потому что.

2.1.5. Relacións temporais.

2.1.5.1. Simultaneidade no presente, no pasado e no futuro: когда.

3. O sintagma nominal.

3.1. Núcleo.

3.1.1. Substantivo.

3.1.1.1. Clases: comúns e propios; animados e inanimados.

3.1.1.2. Xénero: masculino, feminino, neutro; regra xeral e excepcións máis usuais.

3.1.1.3. Número: regra xeral, formas invariables e outros casos; excepcións máis usuais.

3.1.1.4. Caso: nominativo, xenitivo, dativo, acusativo, instrumental e prepositivo. Declinación dos substantivos en todos os casos do singular.

3.1.2. Pronomes.

3.1.2.1. Persoais en todos os casos.

3.1.2.2. Posesivos.

3.1.2.3. Demostrativo этот.

3.1.2.4. Interrogativos/exclamativos.

3.2. Modificación do núcleo.

3.2.1. Determinantes.

3.2.1.1. Posesivos: xénero, número e caso; declinación en todos os casos do singular.

3.2.1.2. Demostrativo этот: xénero, número e caso; declinación en todos os casos do singular.

3.2.1.3. Determinativos каждый, весь (con substantivos que denotan tempo).

3.2.1.4. Cuantificadores.

3.2.1.4.1. Numerais cardinais de 0 a 1000.

3.2.1.4.2. Numerais ordinais de 0 a 20.

3.3. Fenómenos de concordancia.

3.4. Funcións sintácticas do sintagma nominal: Sux., Atrib., CD, CI, CC e CNNC.

4. O sintagma adxectivo.

4.1. Núcleo: adxectivo.

4.1.1. Grao: positivo.

4.1.2. Xénero: masculino, feminino e neutro; flexión regular; forma longa.

4.1.3. Número: formación do plural; forma longa.

4.1.4. Caso: declinación en todos os casos do singular (desinencias dura, branda e mixta).

4.2. Modificación do núcleo mediante SAdv.

4.3. Posición dos elementos do sintagma: (SAdv. +) N.

4.4. Fenómenos de concordancia.

4.5. Funcións sintácticas: atrib. e sux.

5. O sintagma verbal.

5.1. Núcleo: verbo.

5.1.1. Clases e grupos: 1) читать – читаю; 2) уметь – умею; 3) рисовать – рисую; 4) встретить – встречу; 5) отдохнуть – отдохну; 6) вставить – вставлю; 7) ждать – жду; 8) писать – пишу; 9) петь – пою; 10) мочь – могут; 11) идти – идут; 12) ехать – едут; 13) хотеть – хотят; 14) брать – берут; 15) жить – живут; 16) пить – пьют; 17) есть – едят.

5.1.2. Tempo.

5.1.2.1. Expresión do presente.

5.1.2.2. Expresión do pasado.

5.1.2.3. Expresión do futuro: futuro simple e futuro composto.

5.1.3. Aspecto.

5.1.3.1. Aspecto imperfectivo: durativo, habitual, incoativo (начинать + inf. / SN) e terminativo (кончать + inf. / SN).

5.1.3.2. Aspecto perfectivo: puntual, incoativo resultativo (начать + inf. / SN), terminativo resultativo (кончить + inf. / SN) e acción finalizada (сделать, прочитать).

5.1.4. Modalidade.

5.1.4.1. Factualidade: verbos factuais e tempos verbais de presente, pasado e futuro.

5.1.4.2. Necesidade: надо/нужно + inf.

5.1.4.3. Obriga: должен + inf.; imperativo.

5.1.4.4. Capacidade: мочь/уметь + inf.

5.1.4.5. Permiso: можно/мочь + inf.

5.1.4.6. Intención: хотеть + inf.

5.1.4.7. Posibilidade: можно + inf.;

5.1.4.8. Prohibición: imperativo negativo.

5.1.5. Voz activa.

5.2. Modificación do núcleo mediante preposición fixa e neg.

5.3. Posición dos elementos do sintagma: (neg. +) (neg. +) V.

5.4. Funcións sintácticas do sintagma verbal: V.

6. O sintagma adverbial.

6.1. Núcleo: adverbio.

6.1.1. Clases: modo, lugar, tempo, cantidade e grao. Os adverbios máis usuais, por ex.: хорошо, быстро, домой, далеко, теперь, давно, много, чуть-чуть.

6.1.2. Grao: positivo.

6.2. Modificación do núcleo mediante SAdv.

6.3. Posición dos elementos do sintagma: (SAdv. +) N.

6.4. Funcións sintácticas do sintagma adverbial: CC.

7. Sintagma preposicional.

7.1. Núcleo.

7.1.1. Preposicións locativas (в, на, у...), temporais (в, до, через, после), comitativa (с), posesiva (у), preposición (о).

7.2. Funcións sintácticas do sintagma: suxeito comitativo, CD, CC e atrib.

3.2.1.3. Contidos ortográficos.

2.1. Sistema de escritura: alfabeto ruso.

2.2. Representación gráfica de fonemas e sons.

2.2.1. Correspondencias segundo a súa posición relativa.

2.3. Uso das maiúsculas.

2.4. Signos ortográficos.

2.5. Signos de puntuación.

2.6. Estrutura silábica. División de palabras no final da liña.

3.2.1.4. Contidos fonéticos.

1.1. Sons e fonemas vocálicos.

1.1.1. Monotongos: anteriores, centrais, posteriores.

1.1.2. Combinacións.

1.2. Sons e fonemas consonánticos.

1.2.1. Clasificación: consonadores, soantes, semi-consoantes.

1.3. Procesos fonolóxicos.

1.3.1. Enxordecemento de consoantes sonoras en posición final absoluta.

1.3.2. Asimilacións.

1.3.3. Redución vocálica.

1.3.4. Alternancias vocálicas e consonánticas.

1.4. Acento dos elementos léxicos illados.

1.4.1. Sílabas tónicas e átonas.

1.4.2. Monosílabos inacentuados.

1.5. Acento e atonicidade: patróns tonais no sintagma.

Ruso:

Básico 2:

3.2.1.2. Contidos gramaticais.

1. A oración simple.

1.1. Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.

1.1.1. Oración declarativa.

1.1.1.1. CD e CI en posición inicial.

1.1.1.2. Verbo en posición inicial.

1.2. Fenómenos de concordancia.

2. A oración composta.

2.1. Expresión de relacións lóxicas.

2.1.1. Resultado: поэтому.

2.1.2. Finalidade: чтобы.

2.1.3. Condición: если + indicativo.

2.1.4. Relacións temporais.

2.1.4.1. Expresión das relacións temporais mediante formas verbais de aspecto imperfectivo e perfectivo.

2.1.4.2. Anterioridade e posterioridade: до того как, после того как.

3. O sintagma nominal.

3.1. Núcleo:

3.1.1. Substantivo.

3.1.1.1. Clases: contables e non contables; Pluralia tantum e Singularia tantum.

3.1.1.2. Caso: nominativo, xenitivo, dativo, acusativo, instrumental e prepositivo. Declinación dos substantivos en todos os casos do plural.

3.1.2. Pronomes.

3.1.2.1. Posesivos: declinación en todos os casos do plural. Pronome свой.

3.1.2.2. Demostrativos.

3.1.2.3. Negativos. Iniciación.

3.1.2.4. Reflexivo себя. Os usos máis frecuentes, por ex.: купить себе, чувствовать себя.

3.2. Modificación do núcleo.

3.2.1. Cuantificadores.

3.2.1.1. Numerais cardinais a partir de 1000.

3.2.1.2. Numerais ordinais a partir de 20.

3.2.1.3. Outros cuantificadores: мало, несколько...

3.2.2. Aposición.

3.2.3. Modificación mediante SAdx., SPrep. e frase de relativo.

3.2.3.1. Os pronomes relativos который e где.

3.3. Posición dos elementos do sintagma: (Det. +) (SAdx. +) N (+ SPrep.) (+ frase de relativo).

3.4. Fenómenos de concordancia.

4. O sintagma adxectivo.

4.1. Núcleo: adxectivo.

4.1.1. Caso: declinación en todos os casos do plural.

4.1.2. Adxectivos en forma breve. Xénero e número. Función sintáctica. Os adxectivos breves máis frecuentes, por ex.: согласен, рад, болен, свободен.

4.1.3. Grao: positivo, comparativo e superlativo.

4.1.3.1. Comparativo simple. Iniciación.

4.1.3.2. Superlativo composto con самый.

4.2. Modificación do núcleo mediante SAdv. e SPrep.

4.2.1. Posición dos elementos: (SAdv. +) N (+ SPrep.).

4.3. Fenómenos de concordancia.

5. O sintagma verbal.

5.1. Núcleo: verbo.

5.1.1. Modalidade.

5.1.1.1. Necesidade: нужен/нужна/нужно/нужны + SN en nom.; необходимо + inf.

5.1.1.2. Obriga: обязан + inf.

5.1.1.3. Permiso: разрешить/позволить en imperativo + inf.

5.1.1.4. Posibilidade: можно + inf.; возможен/возможна/возможно/возможны + SN; может быть/могут быть + SN.

5.1.1.5. Prohibición: нельзя /запрещается /запрещено + inf.

5.4. Funcións sintácticas do sintagma verbal: V, Sux., CD, Atrib. e CC.

6. O sintagma adverbial.

6.1. Núcleo: adverbio.

6.1.1. Clases: modo, lugar, tempo, cantidade e grao, interrogación e exclamación, negación e afirmación, causa, finalidade, orde.

6.1.2. Adverbios predicativos.

6.1.3. Grao: positivo, comparativo e superlativo. Iniciación.

6.2. Modificación do núcleo mediante SAdv. e SPrep.

6.2.1. Posición dos elementos do sintagma: (SAdv. +) N (+ SPrep.)

6.3. Fenómenos de concordancia.

7. O sintagma preposicional.

7.1. Núcleo.

7.1.1. Preposicións locativas (из, с, от, около, напротив...), temporais (на, перед...), causais (из-за), finais (для).

7.1.2. Locucións prepositivas: далеко от + хен., во время + хен.

7.2. Modificación do núcleo mediante SAdv.

7.3. Posición dos elementos do sintagma: (SAdv. +) prep. + termo.

3.2.1.3. Contidos ortográficos.

1. Ortografía das palabras estranxeiras segundo a súa orixe.

3.2.1.4. Contidos fonéticos.

1. Fonética e fonoloxía.

1.1. Acento e atonicidade: patróns tonais no sintagma.

Xaponés:

Básico 1:

Uso contextualizado dos recursos lingüísticos básicos para levar a cabo as actividades comunicativas que se describen na parte I do currículo, especialmente os que se indican a seguir:

1. Gramática.

Oración.

-Estrutura e orde dos elementos na oración: (Watashi wa Tanaka desu; Yamada san wa; Nihonjin desu. Hana wa kirei desu. Kuruma wa takai desu).

-Oracións declarativas afirmativas e negativas.

-Oracións interrogativas. Características. Partícula ka.

-Oracións exclamativas e as súas partículas (ne/yo).

-Oracións imperativas.

Nomes e adxectivos

-Nomes: tipoloxía e características. O nome: como suxeito (Ano hito wa sensei desu); como predicado (Doyoubi wa tsuitachi desu) e acompañado de modificador (Natsu ni Nihon e ikimasu).

-Nomes e sufixos numerais de orixe xaponés: hitotsu, futatsu, mittsu. Sufixos numerais de orixe chinés: ichi mai, sanbon, go satsu.

-Adxectivos: peculiaridades e conxugación. Cualificativos: en i (i-keiyoushi); en na (na doushi).

-Colocación dos adxectivos respecto aos nomes e aos verbos.

-Gradación das calidades con totemo, taihen, takusan, sukoshi, amari, Zenzen.

Determinantes.

-Partículas e posición en relación cos outros elementos.

-Demostrativos (kono-sono-ano-dono: Kono hon wa watashino desu. Dono hon demo nihongo no tekisuto desu).

-Interrogativos con ka (Dono hon desu ka?).

-Posesivos e a partícula no (Nihon no kuruma desu).

-Numerais illados.

-O sistema cuantificador en xaponés: peculiaridades e sufixos contadores máis elementais (hitotsu, futatsu...; ichi mai; sanbon; ni satsu; go dai).

Pronomes.

-Pronomes persoais. Tratamento persoal con nome propio + san.

-Pronomes demostrativos: kore, sore, are. Posesivos, uso de no (Sono hon wa?-Watashi no desu).

-Pronomes indefinidos: -ka, mo, dare mo, nani mo; doko(ni) mo; dore mo.

-Pronomes interrogativos. Usos de nan (i) / dore / dochira + desuka. Usos de dare + ga + verbo. Uso de nan + sufixo contador (Nan nin desu ka?).

Verbos.

-Clasificación dos verbos. Formas verbais e as súas peculiaridades -masu e forma dicionario.

-Formas afirmativas e negativas dos verbos.

-Formas do pasado: arimashita; imashita; deshita.

-Imperativo de uso corrente para pedir, dar instrucións, permisos, consellos (Koko ni kaite kudasai; Douzo, yasunde kudasai. Yoku kangaete kudasai).

-Imperativo para desexar algo: sorte, boa saúde (Ganbatte kudasai, ki o tsukete kudasai). En negativo para advertir ou previr: naide kudasai (Sore wo tabe-naide kudasai, nigai desu kara).

-Xeneralización absoluta (interrogativos con mo) e indefinida (interrogativos con demo: dare mo imasen; nani mo tabemasen deshita).

-Formas concesivas -te mo / de mo (Raishuu kite mo ii desu).

-Formas para accións en progreso te imasu (Hon wo yonde imasu).

-Formas te imasu para expresar situación ou estado (Toukyou ni sunde imasu).

Adverbios.

-Peculiaridades. Formas koko, soko, asoko.

-Colocación dos adverbios na oración.

-Formas adverbiais de lugar: ko, so, a; interrogativa: do. A partícula ni marcando lugar (Koko ni hon ga arimasu).

-Formas que expresan tempo: nome + no mae e nome + no ato.

Enlaces.

-Partículas e o seu uso: wa; o; ni; ga; de; e; de; to; mo; ya, ka, ne, o, kara, made; kurai / gurai; goro; hai, iie.

-Conxuncións e enlaces frecuentes soshite, ga, (desu) kara.

-Enlaces de oposición, con ga; de consecución con Soredewa / Dewa / Mata e de causa (...doyoubi desu-kara).

2. Discurso.

-Marcadores conversacionais: dirixirse a alguén, empezar a falar (Moshi moshi; Anou...; Sumimasen..., Chotto sumimasen...); colaborar na comunicación (Wakarimashita; Ee / Hai; Sou desuka...Sou desune / Sou desu yo); reaccionar e interaccionar, tomar a palabra, pedir axuda (...onegai shimasu).

-Marcadores para contextualizar no espazo e no tempo (7 ji goro ikimasu; Kono mae wa doumo arigatou gozaimashita).

-Marcadores para ordenar o discurso.

-Conectores máis frecuentes. (Ver Enlaces).

-Entoación e puntuación discursiva básica.

3. Léxico e semántica.

-Expoñentes frecuentes para as funcións traballadas (Dou yatte..., Zannen desu ga..., Saa wakarimasen...).

-Vocabulario usual das situacións e temas traballados.

-Expresións tópicas. Fórmulas fixas. (Douzo; Yoku irasshiaimashita; Irasshiaimase; Doumo sumimasen; Itadakimasu; Gochisousama; Okaerinasai; Tadaima).

-Sinónimos e antónimos usuais.

4. Fonoloxía e ortografía.

-Recoñecemento e produción dos silabarios hiragana e katakana: a súa pronuncia.

-Sílabas longas, breves e dobres.

-O acento tónico en xaponés.

-Recoñecemento e produción de 107 ideogramas básicos, tanto sós como en palabras compostas.

-Forma de empregar o genkou youshi, papel dividido en cadrados para escribir en xaponés.

-Utilizar a ortografía do vocabulario usual empregado, incidindo nas palabras frecuentes que ofrecen máis dificultade.

Básico 2:

Uso contextualizado dos recursos lingüísticos básicos para levar a cabo as actividades comunicativas que se describen na parte I do currículo, especialmente as que se indican a seguir (no segundo curso recóllense e amplíanse os contidos de primeiro e destacanse con un ② os puntos con aspectos novos).

1. Gramática.

Oración.

-Estrutura da oración.

-Orde dos elementos na oración (Watashi wa Tanaka desu; Yamada san wa; Nihonjin desu. Hana wa kirei desu. Kuruma wa takai desu).

-Oracións declarativas afirmativas e negativas.

-Oracións interrogativas: características, partícula ka.

-Oracións exclamativas e as súas partículas (ne / yo).

-Oracións exhortativas e imperativas (ji-o kaite kudasai).

-Oracións dubitativas: uso de + ka mo shireremansen; ka dooka.

② Oracións de relativo (Kinou kita hito wa Sensei desu).

② Oracións temporais (Nihon ni sunde ita koro wa mada kodomo deshita).

② Oracións condicionais: -eba, -tara, -nara, to.

② Oracións comparativas.

Nomes e adxectivos

-Nomes: tipoloxía e características. Función gramatical do nome: como suxeito (Ano hito wa sensei desu); como predicado (Doyoobi wa tsuitachi desu) e acompañado de modificador (Natsu ni Nihon e ikimasu).

-Nomes e sufixos numerais de orixe xaponesa: hitotsu, futatsu, mittsu. Sufixos numerais de orixe chinesa: ichi mai, sanbon, go satsu.

-Adxectivos: peculiaridades e conxugación. Cualificativos: en i (i-keiyoushi); en na (na doushi).

-Colocación dos adxectivos.

-Gradación das calidades con totemo, taihen, takusan, sukoshi, amari, zenzen.

② Uso dos adxectivos coas formas -tara, -nara e -ba (Takakattara... / Kireidattara) e ba (Takakereba... / Kireinaraba).

② Uso da forma adxectival -tai para expresar desexo (Nihon e ikitai desu).

② Uso de adxectivos en forma adverbial ni / ku. Unión ao verbo naru.

Determinantes.

-Partículas e a súa posición.

-Demostrativos: kono-sono-ano-dono (Kono hon wa watashino desu. Dono hon ga nihongo no tekisuto desuka).

-Interrogativos con ka (Dono hon desu ka?).

-Posesivos e a partícula no (Nihon no kuruma desu).

-Numerais illados.

-O sistema cuantificador no xaponés: peculiaridades e tipos de sufixos contadores máis elementais (hitotsu, futatsu...; sanbon; ni satsu; go dai).

② Uso e construción da forma conxuntiva dos adxectivos -kute.

Pronomes.

-Pronomes persoais. Tratamento persoal con nome propio + san.

-Pronomes demostrativos: kore, sore, are.

-Pronomes posesivos, uso de no: (Sono hon wa? - Watashi no desu).

-Pronomes indefinidos: -ka, mo, dare mo, nani mo; doko (ni) mo; dore mo.

-Pronomes interrogativos. Usos de nan (i) / dore / dochira + desuka. Usos de dare + ga + verbo. Uso de nan + sufixo contador (Nan nin desu ka?).

② Uso de ichiban + adxectivo (Minna no naka de wa dore ga ichiban ôkî desuka?).

Verbos.

-Clasificación dos verbos. Formas verbais -masu e forma dicionario.

-Formas afirmativas e negativas dos verbos.

-Formas de pasado: arimashita; imashita; deshita.

-Imperativo corrente para pedir, dar instrucións, permisos, consellos (Koko ni kaite kudasai; Doozo, yasunde kudasai. Yoku kangaete kudasai).

-Imperativo para desexar algo, sorte, boa saúde (Ganbatte kudasai, ki o tsukete kudasai). En negativo para advertir ou previr: -naide kudasai (Sore wo tabe-naide kudasai, nigai desu kara).

-Xeneralización absoluta (interrogativos con mo) e indefinida (interrogativos con demo), (dare mo imasen; nani mo tabemasen deshita).

② Forma substantivo + no atode / no mae ni (shokuji no mae ni/shiken no ato de). Forma verbal de pasado + ato de (mita ato de) / forma verbal presente + mae ni (kuru mae ni). Forma te kara (tsuite kara).

-Formas concesivas -te mo / de mo (Raishuu kite mo ii desu).

-Formas para accións en progreso te imasu (Hon wo yonde imasu).

-Formas te imasu para expresar situación ou estado (Madoriddo ni sunde imasu; Kekkono shite imasu).

② Formas de obriga e de concesión: uso de forma verbal + nakereba narimasen / nakutemo iidesu / te wa ikemasen / demo ii desu e interrogativas: te mo ii deshouka.

② Formas volitivas: ga + hosshii desu / tai desu.

② Formas chás ou familiares e estruturas conxuntivas coa forma te: (tabete, shite; taberu, suru; tabenai, shinai; tabeta, shitta).

② Formas condicionais: uso de forma verbal + tara (Kyoto made kuruma de ittara, 10 jikan kakarimashita); uso de forma verbal + eba (sakana wa atarashikereba atarashii hodo iidesu).

② Formas para expresar experiencia ou a súa ausencia no pasado: uso de raíz de verbo forma curta de pasado + koto ga / wa arimasu / koto wa arimasen (Hokkaidoo ni itta koto ga arimasu; Shashin o mita koto wa arimasu ga, itta koto wa arimasen).

② Formas potenciais: 1) uso de koto ga dekimasu (nen juu oyogu koto ga dekimasu); 2) raíz de verbo + eru / rareru (Dare de mo hairemasu / Toshokan de hon o kariraremasu).

② Formas de suposición: nome + deshou (Ashita wa ame deshou).

② Verbo forma curta pasado ou negativo + hou ga ii desu (Kuruma no houga ii desu / Yasui hou ga ii desu / Osaka ni itta hou ga ii desu).

② Formas verbais de cortesía e de respecto: formas humildes e formas honoríficas (Itsu hana wo o todoke deshouka?; Hai, gozaimasu; Kashi komarimashita).

② Verbos yarimorai: o seu uso con substantivos; partículas que os acompañan.

② Forma te do verbo para sinalar razón, modo de realizar unha acción (Suwatte tabemashoo, nyuusu o kiite odorokimashita).

Adverbios

-Peculiaridades. Formas koko, soko, asoko.

-Colocación dos adverbios na oración.

-Formas adverbiais de lugar. Formas ko, so, a e interrogativa do. A partícula ni marcando lugar (Koko ni hon ga arimasu).

② Adverbios que modifican o nome: motto, daibu, hotondo, chotto.

② Adverbio de negación amari + v. en negativo (Amari benkyou shimasen).

-Adverbio condicional moshi (Moshi ano hito ga konakattara tegami de shirasete kudasai).

② Estructuras modificadoras dos adverbios: kirei ni / takakute (kirei ni kakimashita; takakute taihen desu).

② Uso da inflexión -no you + ni para indicar similitude ou maneira (Kono youni 40 nichu kakatte...).

② Uso de moo e mada (Moo kimashita ka. Iie, mada desu).

Enlaces

-Partículas e o seu uso: wa; o; ni; ga; de; e; de; to; mo; ya, ka, ne, o, kara, made; kurai / gurai; goro;

-Conxuncións e enlaces frecuentes soshite, ga, (desu) kara. Conxunción: Soshite / Sorekara / Sorede / Sore ni; forma -te verbo / forma -kute y de do adxectivo / forma -naide do verbo.

② Enlaces de oposición con Shikashi / ga; concesión con -temo / demo; consecución: Soredewa / Dewa / Mata; causa: desukara. Verbo + kara.

② Formas temporais: sorekara.

② Comparación: uso de yori...houga (Kore yori sore no houga ii desu).

② Uso das partículas conxuntivas shi (Are wa yasui shi kirei desu), tari...tari, -kutemo (Takakutemo kaimasu), to en anotación ou cita (iku to itte imashita); verbo + nagara (Tabenagara hon o yonde imasu); causal -node (kinou yasunda node sono koto ga wakarimasen).

② Uso da conxunción to para expresar unha consecuencia natural, inmediata (Yasumanai to byooki ni narimasu).

2. Discurso.

-Marcadores conversacionais: dirixirse a alguén, empezar a falar (Moshi moshi; Anou...; Sumimasen..., Chotto sumimasen...); colaborar na comunicación, (Wakarimashita; Ee / Hai; Sou desuka... Sou desu ne / Sou desu yo); reaccionar e interaccionar, tomar a palabra, pedir axuda (...onegai shimasu).

-Marcadores para contextualizar o espazo e o tempo (7 ji goro ikimasu; Kono mae wa doumo arigatou gozaimashita).

-Marcadores para ordenar o discurso.

② Conectores máis frecuentes: soshite, desukara, sorede, sorekara; uso de mo... mo.

-Entoación e puntuación discursiva.

3. Léxico e semántica.

-Expoñentes frecuentes para as funcións traballadas (Dou yatte..., Zannen desu ga..., Saa wakarimasen,...).

② Expresións tópicas. Fórmulas fixas. (Douzo; Yoku irasshiaimashita; Irasshiaimase; Doomo sumimasen; Itadakimasu; Gochisousama; Okaerinasai; Ta-daima). Expresións novas e fórmulas fixas.

-Vocabulario usual das situacións e temas traballados. (ver II, 1).

-Sinónimos e antónimos usuais.

4. Fonoloxía e ortografía.

-Recoñecemento e produción dos silabarios hiragana e katakana: a súa pronuncia.

-Sílabas longas, breves e dobres.

-O acento tónico en xaponés.

② Recoñecemento e produción de 178 ideogramas novos, con lecturas on e kun, e en combinacións diferentes.

② Forma de empregar o genkou yooshi, papel dividido en cadrados para escribir en xaponés.

-Ortografía do vocabulario usual empregado, incidindo nas palabras frecuentes que ofrecen máis dificultade.

ANEXO II (Nivel intermedio)

Introdución.

O currículo do nivel intermedio das ensinanzas de idiomas de réxime especial, obxecto deste decreto, ten a finalidade de darlles resposta ás necesidades dunha comunicación eficaz na sociedade actual, plurilingüe e pluricultural.

O proceso de ensino e aprendizaxe de idiomas parte dun modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación, tal e como se define no Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MECR) e na Lei orgánica de educación (LOE), do 3 de maio de 2006 (BOE do 4 de maio). O nivel básico das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia A2 do MECR: os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección de contidos e os criterios xerais de avaliación son coherentes co establecido para este nivel e co enfoque orientado á acción polo que se pronuncia o MECR.

Este modelo do ensino-aprendizaxe baséase na concepción da competencia comunicativa entendida como a capacidade de uso do idioma, que abrangue tanto as competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas como a competencia intercultural e a competencia estratéxica.

O aprendiz de linguas ponas en uso activando as citadas competencias para levar a cabo actividades comunicativas sobre diferentes temas, en ámbitos e contextos específicos, botando man das estratexias adecuadas para este fin. O usuario ou usuaria da lingua procesa e produce textos orais e escritos, que constitúen as unidades básicas de comunicación atra-

vés de actividades de expresión, comprensión, interacción ou dunha combinación delas. Para iso as alumnas e os alumnos terán que adquirir, através de experiencias de aprendizaxe, unha serie de habilidades básicas incardinadas en actividades concibidas para facilitar esta adquisición. O docente é o deseñador, presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas. A súa función será a de orientar, estimular, prestar a súa experiencia e aconsellar, pero serán as alumnas e os alumnos os que deberán asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais membros do grupo e co docente para atinxir os obxectivos propostos e desenvolver a súa capacidade de aprendizaxe autónoma.

En definitiva, a actividade do aprendiz é o factor máis importante para que a aprendizaxe se produza, polo que, en último termo, o éxito ou o fracaso das aprendizaxes recaen sobre a persoa que aprende. Non obstante, a aprendizaxe dáse con maior facilidade cando o proceso de ensinanza do profesorado crea as condicións adecuadas para que esta se produza. Por iso, o ensinante debe propor tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas que estimulen o interese na utilización da lingua dentro e fóra da aula e a sensibilidade cara ás culturas asociadas ao idioma. O deseño axeitado das tarefas será esencial, pois tamén deben contribuír a fomentar a confianza en si propios, a motivación para aprender e a capacidade para planificaren, autoavaliaren e aprenderen de xeito autónomo e independente. Estas tarefas serán deseñadas a partir dos criterios de avaliación, que indican o grao de dominio lingüístico que os estudantes deben acadar, e serán esencialmente comunicativas, para lles ofrecer a oportunidade de utilizar o idioma tal e como o farían en situacións reais de comunicación; de aí a importancia de que os materiais empregados nas devanditas tarefas sexan preferentemente auténticos, de xeito que o alumnado perciba a lingua no seu contexto real, como instrumento de comunicación.

Para levar a cabo eficazmente as tarefas correspondentes, as alumnas e alumnos deben ser orientados no uso de estratexias de planificación, execución, control e reparación, así como nunha serie de procedementos discursivos xerais e específicos para cada destreza, e deberánlles proporcionar coñecementos que lles permitan comprender e producir textos axeitados ás necesidades das situacións de comunicación en que participen ou poidan participar.

En canto á avaliación, esta debe ser entendida como un instrumento para verificar e valorar o grao de competencia comunicativa do alumnado, como unha ferramenta que ofrece información e permite reflexionar sobre todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Así, este proceso é susceptible de ser permanentemente revisado, concretado e reinterpretado

1. Definición do nivel.

O nivel intermedio presentará as características do nivel de competencia B1, segundo se define este no Marco europeo común de referencia para as linguas.

O nivel intermedio ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para a utilización do idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz, apropiada e flexible, en situacións comunicativas diversas, relativas a temas coñecidos ou de interese persoal, que requiran comprender e producir textos en lingua estándar, nun rexistro neutro, formal ou informal, que conteñan variedade de expresións, estruturas e locucións idiomáticas frecuentes e termos habituais e cultos de uso común non especializados. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa, e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

2. Os elementos do currículo.

O currículo do nivel intermedio está organizado atribuíndolle obxectivos xerais e obxectivos específicos a cada destreza. Eles serán os referentes de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. O seu grao de adquisición está definido e acoutado nos criterios de avaliación. Pola súa parte, os contidos responden a aquilo que se debe ensinar e aprender para lograr os obxectivos comunicativos propostos para este nivel. Carecen de entidade propia, pois unicamente deben ser considerados na medida en que son os instrumentos necesarios para acadar o grao de dominio lingüístico establecido nos criterios de avaliación e, xa que logo, os obxectivos deste nivel intermedio.

Para lograr as aprendizaxes establecidas para este nivel, realízanse actividades da lingua que impliquen procesos para producir e recibir textos relacionados con temas incardinados en ámbitos específicos, poñendo en xogo as estratexias máis axeitadas para levar a cabo as tarefas que se deban realizar. Así pois, os departamentos didácticos deberán considerar os obxectivos e os criterios de avaliación como o punto de partida e o centro das súas programacións: as tarefas, os contidos, as actividades e instrumentos de avaliación, os materiais e o enfoque metodolóxico polo que se opte deberán estar en todo caso supeditados a eles.

2.1 Obxectivos xerais.

2.1.1. Comprensión oral.

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos orais claramente estruturados e en lingua estándar, articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar o que se dixo.

2.1.2. Expresión e interacción oral.

Producir textos orais ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo e desenvolverse cunha corrección, fluidez e espontaneidade que permitan manter a interacción, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para planificar o discurso ou corrixir erros e sexa

necesaria certa cooperación por parte dos interlocutores.

2.1.3. Comprensión de lectura.

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos escritos claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre temas xerais, actuais ou relacionados coa propia especialidade.

2.1.4. Expresión e interacción escrita.

Escribir textos sinxelos e cohesionados, sobre temas cotiáns ou polos que se ten un interese persoal, nos que se pide ou transmite información, se narran historias, se describen experiencias, acontecementos reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións, se xustifican brevemente opinións e se explican plans.

2.2 Obxectivos específicos.

2.2.1. Intermedio 1.

2.2.1.1. Comprensión oral.

Comprender as principais ideas de interaccións prolongadas articuladas con claridade, ben estruturadas e en lingua estándar, nas que se traten temas cotiáns relacionados cos ámbitos persoal e profesional.

Comprender en liñas xerais conferencias e presentacións ben organizadas e expostas con claridade, sobre temas coñecidos e emitidas cunha pronuncia estándar e clara.

Captar as ideas principais e detalles específicos de textos audiovisuais e doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos ou de interese persoal, articulados con relativa lentitude e claridade.

Comprender información técnica sinxela o suficiente para poder seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.2.1.2. Expresión e interacción oral.

Establecer, manter e cerrar adecuadamente contactos sociais e interaccións sinxelas, á cara, sobre temas habituais, de interese persoal e profesional, con eficacia no logro do propósito de comunicación.

Interaccionar con corrección sociolingüística, certa naturalidade e relativa fluidez, en lingua estándar, expresando de forma básica reaccións, actitudes e sentimentos, e dando instrucións ou solucións sobre temas cotiáns dos ámbitos persoal e profesional.

Participar espontaneamente en conversas informais sinxelas e habituais, para realizar xestións e transaccións relativas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns, con obxectivos concretos.

Intercambiar e contrastar opinións e explicar proxectos sinxelos ou plans, utilizando expresións fixas e estruturas idiomáticas moi frecuentes e un repertorio léxico básico propio do tema da interacción.

Realizar breves exposicións preparadas, con certa fluidez, mantendo o tema con coherencia e cohesión.

Solicitar a cooperación do interlocutor para verificar o logro do propósito comunicativo.

2.2.1.3. Comprensión de lectura.

Identificar e comprender información relevante en material escrito de uso cotián en lingua estándar e ben estruturado, que non presente excesiva complexidade se non está relacionado co seu campo de especialización.

Comprender textos sinxelos sobre acontecementos, sentimentos, argumentos e opinións que traten temas relacionados co seu campo de interese.

Identificar as partes relevantes dun texto ou de varios en busca de información para realizar unha tarefa específica.

Comprender instrucións técnicas sinxelas escritas con claridade e presentadas coa axuda de soporte visual.

Comprender a información xeral e específica de textos auténticos, de extensión variada, sobre temas diversos, coñecidos e sen complexidade, que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua obxecto de estudo.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.2.1.4. Expresión e interacción escrita.

Redactar textos sinxelos, coherentes e cohesionados, coidando os aspectos formais e a corrección ortográfica e de puntuación para que sexan comprensibles para o lector.

Escribir textos breves solicitando información e responder transmitindo información sinxela de carácter inmediato ou sobre temas habituais do ámbito profesional.

Escribir textos sinxelos –correspondencia, narracións e descripcións–, que conteñan experiencias, sentimentos e acontecementos expresados con detalle.

Escribir informes e resumos breves en formato convencional para describir cuestións coñecidas do ámbito profesional, dando razóns e expoñendo de forma básica opinións, plans e accións.

2.2.2. Intermedio 2.

2.2.2.1. Comprensión oral.

Comprender información concreta en conversas informais relativas a temas cotiáns ou relacionadas co traballo, realizadas cun discurso articulado con claridade, en lingua estándar e a unha velocidade media.

Seguir as ideas principais dun debate longo que trate de temas coñecidos e previsibles, articulado con claridade e nun nivel de lingua estándar que poida conter expresións fixas, locucións e estruturas idiomáticas moi frecuentes.

Comprender suficientemente o contido de conversas formais e reunións de traballo, que versen sobre a súa especialidade e se desenvolvan a unha velocidade normal, estruturadas con claridade e sen moitos usos idiomáticos.

Comprender a maior parte das películas e representacións teatrais, programas de TV, textos audiovisuais ou material gravado, nos que se fale articulando con claridade, cun nivel de lingua estándar e unha trama sinxela e predicible, e nos que existan, se é o caso, apoios visuais de carácter redundante.

Comprender información técnica sinxela e seguir indicacións detalladas expostas ordenadamente e a velocidade media.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante o uso de claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.2.2.2. Expresión e interacción oral.

Establecer con certa fluidez contactos sociais sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de cortesía, de inicio, mantemento e peche da interacción e expresións fixas e frecuentes, cunha ampla diversidade de funcións lingüísticas.

Desenvolverse en transaccións da vida cotiá, enfrontándose con relativa naturalidade e fluidez a situacións variadas, e dar nelas argumentos ou explicacións de forma básica, eficaz e comprensible.

Expresar puntos de vista con claridade en discusións formais e reunións de traballo, ofrecendo breves razoamentos e expresando opinións de forma básica, eficaz e comprensible.

Realizar con razoable fluidez narracións e descrições sinxelas seguindo unha secuencia lineal de elementos, expoñendo experiencias, feitos, esperanzas, aspiracións e crenzas.

Facer unha presentación breve e preparada sobre un tema do seu interese, coa suficiente claridade como para poder seguilo sen dificultade –aínda que fagan falla aclaracións ou repeticións–, explicando as ideas principais cunha precisión razoable e respondendo adecuadamente a preguntas.

Seguir unha entrevista sinxela estruturada, cun guiño establecido con anterioridade, e confirmar nela información, realizar preguntas complementarias ou responder a elas, se son predicibles, tomar a iniciativa de cambio temático ou formularlle comentarios ao interlocutor.

Empregar estratexias de cooperación para contribuír a manter a interacción e asegurar a comprensión.

2.2.2.3. Comprensión de lectura.

Seguir a liña argumental xeral dun texto narrativo ou literario contemporáneo de estrutura sinxela e amplo repertorio léxico, sen usos idiomáticos rexionais ou sociais, aínda que non se entenda na súa totalidade.

Localizar a información necesaria nun texto extenso ou en varios co fin de realizar unha tarefa específica.

Distinguir, en textos informativos, narrativos, argumentativos e descritivos redactados en lingua estándar, as ideas e conclusións principais e recoñecer información específica se o asunto é coñecido.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas

2.2.2.4. Expresión e interacción escrita.

Redactar textos sinxelos, coherentes e cohesionados, coidando os aspectos formais e a corrección ortográfica e de puntuación para que sexan comprensibles para o lector.

Transmitir e solicitar información e ideas sobre temas tanto abstractos como concretos, explicándose ou preguntando con razoable precisión.

Resumir información de diversas fontes e realizar paráfrases sinxelas de pasaxes breves escritas, empregando as palabras e a ordenación do texto orixinal.

Escribir descrições, narracións, presentacións e cartas persoais sobre experiencias, sentimentos e reaccións, acontecementos e contidos diversos, en textos sinxelos, en lingua estándar, organizados con orde e claridade, cohesionados e con amplitude de vocabulario suficiente para expresarse con eficacia nos temas pertinentes.

Conseguir comunicar as ideas principais que se queren transmitir empregando calquera recurso dispoñible e logrando a comunicación cos medios de que se dispón para expresarse.

3. Contidos xerais básicos.

3.1. Competencias xerais.

Coa finalidade de realizar as tarefas e as actividades que se requiren para abordar as situacións comunicativas en que participan, os alumnos utilizan varias competencias desenvolvidas no curso da súa experiencia previa. Por outra parte, a participación en acontecementos comunicativos, incluída a aprendizaxe de linguas, dá como resultado un maior desenvolvemento destas competencias. Todas as competencias humanas contribúen dunha forma ou doutra á capacidade comunicativa do alumno e poden considerarse aspectos da competencia comunicativa. No entanto, pode resultar útil distinguir entre as competencias lingüísticas propiamente ditas e as competencias xerais, menos relacionadas coa lingua; é destas últimas das que nos imos ocupar neste punto.

Estas competencias serán desenvolvidas ao longo de todo o nivel intermedio.

3.1.1. Contidos nocionais.

A seguinte listaxe inclúe os conceptos básicos dos que se desglosarán as subcategorías correspondentes cos seus expoñentes lingüísticos en cada idioma para os cursos intermedio 1 e intermedio 2.

Entidades: expresión das entidades e referencia a elas (persoas, obxectos ou accións).

Propiedades:

Existencia: ser / non ser, acontecer / non acontecer, presenza / ausencia, dispoñibilidade / non dispoñibilidade.

Cantidade: números, cantidades e medidas. Gradação da cantidade.

Calidade: propiedades físicas (forma, temperatura, cor, material, peso, tamaño, sabor, olor, idade...) e propiedades psíquicas (pensamentos, sentimentos, vontade...).

Valoración: prezo, valor, calidade...

Relacións:

Espaciais: localización absoluta e relativa no espazo (posición, movemento e dirección).

Temporais: situación absoluta e relativa no tempo (momento puntual, espazo de tempo e relacións temporais: anterioridade, simultaneidade, posterioridade).

Lóxicas (entre estados, procesos e actividades): conxunción, disxunción, oposición; comparación; condición, causa, finalidade, resultado; relacións temporais (anterioridade, simultaneidade, posterioridade).

Estados, procesos e actividades (aspecto, modalidade, participantes e as súas relacións: axente, obxecto, etc.).

3.1.2. Competencia sociocultural.

O alumnado deberá adquirir un coñecemento da sociedade e da cultura propias dos países e territorios en que se fala o idioma estudado, xa que esta circunstancia mellora a competencia comunicativa e, alén diso, a ausencia dunha competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación.

O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do nivel intermedio.

Estes contidos deberán considerarse ao elaborar os materiais didácticos, mais non terán que aparecer necesariamente nun punto específico da programación, xa que a maioría deles pode presentarse forman-

do parte das diferentes áreas temáticas, coas que están estreitamente relacionados.

Teranse en conta as seguintes áreas:

A vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais e comportamento na mesa, horarios e servizos dos distintos establecementos, etc.); actividades de lecer: deporte e espectáculos, actividades en días festivos e non laborables (excursións, visitas aos lugares de interese cultural, monumentos, museos, etc.).

Os servizos públicos: uso do transporte público (horarios, planos de transportes urbanos, estacións de trens, aeroportos, convencións e normas de uso de autobuses, taxis...).

As condicións de vida: condicións da vivenda (tipos, prezos, alugueiro, convencións relacionadas coa súa procura, etc.); niveis de vida (con variacións rexionais, sociais e culturais); comunicación (por vía telefónica, postal, informática, etc.); saúde (sistema de asistencia médica); o sistema educativo.

O contorno xeográfico: paisaxes, condicións climáticas, medio rural e medio urbano.

As relacións persoais: cos familiares (costumes familiares), cos amigos, cos veciños, con descoñecidos, no ámbito laboral, no administrativo, no educativo e nas actividades de lecer.

Valores, crenzas e actitudes: valores e crenzas fundamentais, tradicións importantes, características básicas do sentido do humor, referentes artístico-culturais significativos (historia: feitos históricos e personaxes relevantes; artes: literatura, música, teatro, pintura...; relixión: tradicións e supersticións máis comúns); tradición e cambio social.

As convencións sociais: tradicións sociais no ámbito familiar, aspectos relevantes do comportamento en contextos informais e formais (presentacións, saúdos, despedidas, puntualidade, hospitalidade, visitas, regalos, etc.), convencións relativas ao vestiario en diferentes situacións, tabús e costumes nos comportamentos e nas conversas.

O comportamento ritual: acontecementos de ámbito privado (nacementos, vodas, funerais, etc.), festas relixiosas e tradicionais, espectáculos e acontecementos públicos.

A linguaxe corporal e sons paralingüísticos: linguaxe xestual (expresións faciais, acenos, posturas, contacto visual, etc.), contacto corporal e proximidade física; calidade de voz, ton e volume.

Lingua e sociedade: extensión xeográfica, estatus e contacto con outras linguas.

3.1.3 Competencia estratéxica.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe inclúe necesariamente o uso dos diferentes tipos de estratexias, tanto de aprendizaxe como comunicativas. Por iso é importante facerlles comprender aos alumnos a

importancia de establecelas como base para o desenvolvemento da competencia comunicativa e para que poidan dirixir a súa aprendizaxe de forma consciente.

Dependendo da tarefa, activaranse as correspondentes estratexias, tendo en conta que o maior ou menor grao de aplicación destas redundará na consecución dos obxectivos.

As estratexias que cómpre ter en conta para lle axudar ao alumno a comprender, aprender, lembrar e utilizar a nova información son:

3.1.3.1 Estratexias de aprendizaxe.

3.1.3.1.1. Estratexias metacognitivas.

Tomar consciencia do proceso de aprendizaxe.

Coñecer os propios estilos de aprendizaxe.

Saber planificar a aprendizaxe, responsabilizarse do proceso de aprendizaxe, adoptar unha postura activa.

Saber utilizar recursos de autoaprendizaxe fóra da aula, autoavaliarse, tratar de ser autónomo no proceso de aprendizaxe.

Incentivar a confianza na propia capacidade e fomentar posturas positivas, evitando o medo ao erro, superando o sentido do ridículo e desenvolvendo o espírito crítico.

Desenvolver o interese e a cooperación.

Argallar técnicas para memorizar.

Crear relacións mentais dentro dos textos, frases, grupos semánticos, rimas, etc.

Relacionar o que se viu co que se escoitou.

Empregar certas técnicas como repasos frecuentes, listaxes, clasificación, etc.

3.1.3.1.2. Estratexias cognitivas.

Relacionar a información nova coa anteriormente adquirida.

Observar os feitos e formular hipóteses.

Desenvolver razoamentos dedutivos.

Reflexionar sobre a relación entre a comunicación e a lingua (o feito comunicativo e os elementos da situación de comunicación).

Acadar a comprensión indutiva e global mediante a dedución dos sistemas e regras de uso da lingua obxecto de estudo, a partir de textos contextualizados ou por analoxías coa propia lingua.

Xeneralizar as regras observadas.

Comparar as características da lingua obxecto de estudo coas da lingua materna.

Tomar notas persoais, facer resumos e organizar unha gramática propia.

Utilizar técnicas de pronuncia e entoación: imitar de forma intencionada os falantes nativos ou memori-

zar textos representativos (cancións, poemas, refráns, frases difíciles, etc.) e repetilos con frecuencia.

3.1.3.2. Estratexias de comunicación.

3.1.3.2.1 Planificación.

Activar ou procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos e as persoas. Tomar notas sobre os intereses e os coñecementos previos dos destinatarios. Elaborar unha relación de vocabulario e estruturas. Reunir os propios coñecementos e pensamentos. Informarse de se hai axudas visuais: diagramas, imaxes, modelos.

Tomar consciencia do propio interese e do interese do interlocutor: tomar consciencia de que e canto se quere comprender (só o contido principal, informacións específicas ou informacións polo miúdo); do que se quere dicir ou escribir, e de con canto detalle; do que o interlocutor xa pode saber ou do que podería non saber; do que lle podería interesar ou non interesar ao interlocutor; do que podería ser coñecido por todos.

Dispor informacións e recursos de apoio, e dotar os contidos dunha estrutura previa. Ordenar os contidos. Preparar listas de vocabulario propias relacionadas cun tema específico (especialidade) ou dicionarios especializados. Revisar e completar notas. Marcar palabras clave e estruturas gramaticais relacionadas cun tema nunha mostra textual.

Adaptar a tarefa ás competencias lingüísticas e persoais e mais á situación. Decidir utilizar outro xénero textual (por exemplo, escribir unha postal en vez dunha carta). Decidir que xénero textual é o axeitado. Decidir utilizar outro medio de comunicación (por exemplo, escribir un correo electrónico en lugar de deixar unha mensaxe no contestador). Limitar un tema a dúas ou tres ideas centrais. Planificar como se poden expresar os contidos principais cos medios lingüísticos dispoñibles. Aumentar a dificultade dunha tarefa cando existen suficientes informacións e recursos.

Activar esquemas textuais / elaborar un borrador de estrutura textual. Introducir palabras clave nun cadro (introdución, desenvolvemento, final). Preparar un texto de referencia (por exemplo, un currículo sacado de internet). Tomar consciencia da distancia entre a lingua oral e a escrita. Lembrar posibles tipos de textos. Seleccionar fórmulas lingüísticas (por exemplo, a cabeceira nunha carta).

Repetición e práctica. Practicar e experimentar con novas expresións e combinacións de expresións e solicitar información sobre a súa idoneidade. Marcar fragmentos de textos difíciles. Practicar os posibles comezos dunha conversa e as posibles transicións entre textos.

Recoñecer as posibles dificultades de comprensión. Pensar en que factores de distorsión se poderían dar. Informarse sobre a velocidade que cabería esperar dun narrador e sobre a densidade informativa que

cabería esperar dun texto. Pensar na propia lingua qué vocabulario podería ser importante.

3.1.3.2.2. Execución, control, reparación.

Construír a partir do coñecemento existente. Utilizar regras lingüísticas, expresións e xiros coñecidos. Procurar palabras e xiros coñecidos. Desenvolver un tema cando este é coñecido polo interlocutor. Comparar cos propios coñecementos e coas propias experiencias.

Utilizar os recursos de apoio dispoñibles. Consultar a ortografía correcta nun dicionario. Consultar regras de gramática. Utilizar modelos (por exemplo, unha carta ou unha acta). Utilizar programas de ordenador. Recorrer ás notas propias. Utilizar formas e/ou estruturas en textos semellantes.

Estruturar contidos / textos. Organizar cronoloxicamente elementos. Ilustrar enunciados complexos con exemplos. Marcar parágrafos. Parafrasear ou resumir puntos importantes de determinados parágrafos ou fragmentos de textos. Ter en conta signos de puntuación e outros signos de división e cohesión textual. Utilizar signos de puntuación e outros signos de división e cohesión textual. Marcar pasaxes importantes. Dividir textos en diferentes partes. Ter en conta palabras clave para un tema. Concentrarse en determinadas fórmulas utilizadas nas situacións concretas. Ter en conta as pausas e deducir delas unidades informativas. Concentrarse en unidades de sentido. Reproducir unidades de sentido.

Estruturar conversas. Dirixirse a alguén: tomar a palabra mediante avisos oportunos.

Manterse no uso da palabra mediante o recheo de pausas ou a utilización de recursos explícitos. Evitar redundancias. Formular enunciados como preguntas e viceversa. Acabar a conversa.

Cooperación. Aterse ás convencións en materia de cortesía. Ceder a palabra. Relacionar o expresado por un co expresado por outro. Remitirse ao expresado por outros. Focalizar o tema. Manter o contacto visual. Sinalar que se comprendeu. Introducir outra persoa na conversa.

Compensación e evitación. Parafrasear palabras descoñecidas con palabras coñecidas máis sinxelas. Utilizar un concepto xenérico ou unha palabra semanticamente emparentada. Inventar palabras ou botar man de palabras baleiras, como por exemplo «cousa». Explicar un concepto: por exemplo, o que se pode facer con el ou como é. Sinalar. Utilizar a linguaxe corporal. Evitar palabras difíciles. Apoiarse nas palabras coñecidas para deducir as descoñecidas. Utilizar estruturas sinxelas (por exemplo: unha oración simple en vez dunha oración composta). Citar en lugar de expoñer. Dirixir a conversa a un tema coñecido.

Identificar / deducir indicacións. Comprobar indicacións no contexto. Prestar atención aos puntos centrais. Deducir do contexto palabras descoñecidas. Deducir palabras descoñecidas coa axuda dos coñe-

cementos doutras linguas. Deducir palabras descoñecidas coa axuda das súas regras de composición. Prestar atención aos elementos non verbais en películas e vídeos para comprender.

Sacar conclusións e facer predicións. Facer hipóteses utilizando imaxes, gráficos e fotografías. Establecer hipóteses sobre o contido utilizando informacións paratextuais e paralingüísticas. Deducir e anticipar posicións, intencións e estados de ánimo en relación co que segue no texto, utilizando o contexto e signos gramaticais e léxicos. Sacar conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e a velocidade. Deducir intencións baseándose no volume da voz do falante. Anticipar o que segue (palabra, frase, resposta...). Adiviñar o que non se comprende e o que non se coñece utilizando os propios coñecementos e experiencias.

Asegurar a comprensión. Repetir o comprendido. Preguntar se se di do xeito que un pensa. Prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor. Informarse sobre se o comprenderon. Volver a outras partes do texto (por exemplo, ler unha vez máis o parágrafo anterior).

Pedir aclaración/aclarar: pedirllas a outros que expliquen algo con maior precisión. Solicitar repetición. Pedir que expliquen unha palabra clave. Dicar que non se entendeu algo. Verbalizar hipóteses non articuladas. Preguntar.

Solicitar axuda. Pedir confirmación sobre se unha forma utilizada é correcta. Pedirlle unha explicación a alguén. Pedirlle a alguén unha tradución.

Controlar. Prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor. Verificar as propias hipóteses. Observar a actitude do interlocutor. Volver ler ou escoitar un texto tendo en conta determinados aspectos. Escoitarse a si mesmo.

Experimentar. Utilizar unha palabra ou estrutura nova. Utilizar outra canle, por exemplo escribir un correo electrónico en lugar de facer unha chamada telefónica.

Reparar: comezar de novo a frase. Formular outra vez a frase con locucións como “en realidade quería dicir...”. Repetir unha palabra correctamente. Pedir desculpas. Pedir que repitan. Aclarar malentendidos. Revisar hipóteses. Volver ler ou escoitar un texto.

3.2 Competencias comunicativas.

3.2.1 Competencias lingüísticas.

Considéranse incluídos no nivel intermedio 2 todos os contidos consignados para o nivel intermedio 1 segundo a súa pertinencia para acadar os obxectivos dese nivel.

3.2.1.1 Contidos léxico-semánticos.

Sínálanse os aspectos que o alumno debe ser capaz de comprender ou producir dos temas xerais que se

indican. O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados para desenvolver estes aspectos adecuaranse aos obxectivos dos cursos intermedio 1 e intermedio 2.

Os contidos léxico-semánticos deberán adaptarse ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo.

Estes contidos, presentados nunha listaxe única, serán desenvolvidos ao longo de todo o nivel intermedio.

Identificación persoal:

Información sobre o traballo

Linguas estranxeiras

Relixión

Vivenda, fogar e contorno:

Tipos de vivenda

Descrición da vivenda

Localización da casa (periferia, barrio, medio rural, etc.)

Traballo e profesión:

Actividade profesional

Organización do traballo (lugar, cargo, horario, etc.)

Condicións de traballo

Tempo libre e actualidade:

Descrición das actividades de lecer e culturais (localidades e instrumentos usados para actividades deportivas, xéneros cinematográficos, etc.)

Acontecementos do momento

Viaxes e transportes:

Entrada e saída dun país

Comunicación con empregados de locais para o aloxamento

Planificación das vacacións

Viaxes ligadas ao turismo (axencia de viaxes, monumentos, etc.)

Relacións humanas e sociais:

Tipos e formas de relación social (levarse ben, mal, conflitos, etc.)

Formas de tratamento

Asociacións

Saúde e coidados físicos:

Posición do corpo e movementos, sensacións e percepcións físicas

Especialidades médicas

Servizos de saúde

Accidentes e lesións

Síntomas de enfermidades

Adiccións e drogas

Educación:

Actividades escolares

Nomes de materias

Títulos e diplomas

Servizos de educación (matrícula, inscrición, bolsa, etc.)

Exames

Compras e actividades comerciais:

Relacións co persoal comercial

Compra de alimentos

Alimentación:

Convites e brindes

Comer fóra

Características de comidas e de bebidas

Relacións co persoal de hostalaría

Preparación de comidas e de bebidas

Produtos alimentarios

Bens e servizos:

Policía

Automóbil (reparación, asistencia na estrada, etc.)

Gasolineira e aluguer de coches

Clima, condicións atmosféricas e ambiente:

Cualificativos para o ambiente

Partes da cidade

Flora e fauna

Problemas ambientais

Ciencia e tecnoloxía:

Instrucións de aparellos de uso cotián

Tecnoloxías da información e da comunicación

3.2.1.2 Contidos gramaticais (ver anexo B).

3.2.1.3 Contidos ortográficos (ver anexo B).

3.2.1.4. Contidos fonéticos (ver anexo B).

Os recursos lingüísticos que se recollen por idiomas no anexo B son os que se consideran suficientes para acadar os obxectivos previstos para cada un dos cursos do nivel intermedio, e non se deben entender nin programar illadamente senón en función deses obxectivos. Sen excluír as conceptualizacións propias do proceso de aprendizaxe, non se trata de levar os alumnos a unha reflexión metalingüística ou a unha aprendizaxe formal, senón a un uso contextualizado e integrado deses recursos. A nomenclatura gramatical que

se utilice na clase será a imprescindible e o máis clarificadora posible.

A organización por cursos dos contidos gramaticais, ortográficos e fonéticos ten por obxectivo servirles de orientación aos departamentos didácticos na elaboración das programacións. Cómpre lembrar que estes contidos non serán avaliados separadamente e que o criterio na súa introdución e no seu grao de utilización será en calquera caso a súa pertinencia para acadar os obxectivos xerais e específicos de cada destreza.

3.2.2 Competencia sociolingüística.

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Para que a comunicación sexa eficaz, o usuario da lingua non só ten que coñecer os recursos dispoñibles, senón tamén saber utilizalos axeitadamente en cada contexto. Neste sentido, enténdese que a competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar e comportarse de forma axeitada en diferentes situacións.

As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas encóntranse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos, normas de cortesía, diferenzas de rexistro (formal e informal) e expresións idiomáticas moi frecuentes.

Por outra parte, cada lingua é reflexo da súa realidade social. Polo tanto, os contidos que se enumeran a seguir teñen que ser adaptados á realidade específica de cada lingua. Desenvolveranse ao longo dos cursos intermedio 1 e intermedio 2 de acordo cos obxectivos propios de cada un deles.

Convencións sociais: establecemento de contacto (saúdo, expresión do interese por alguén), presentacións, dirixirse a alguén, solicitar e conceder permiso, comunicación telefónica e telemática.

Finalización do contacto: despedida, envío de saúdos, finalización de conversa telefónica, formas de saúdo en despedida en cartas.

Mantemento do contacto: desculpa, agradecementos, cumprimentos, felicitación, condolencia, desexo, brindes.

Expresión axeitada de sentimentos: alegría, entusiasmo, sorpresa, gabanza, etc.; utilización axeitada das exclamacións.

3.2.3 Competencias pragmáticas.

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumnado dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

3.2.3.1 Contidos funcionais.

Os contidos funcionais preséntanse nunha listaxe única que retoma as funcións previstas para o nivel

básico, utilizándoas agora nun abano máis amplo de situacións e recursos e engadindo outras novas propias dun maior contacto coa lingua e cultura obxecto de estudo.

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e fórmulanse en termos de expresión, pero considérase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

Desenvolveranse ao longo dos cursos intermedio 1 e intermedio 2 de acordo cos obxectivos propios de cada un deles.

Usos sociais da lingua:

En situacións formais e informais, dirixirse a alguén, saudar e despedirse, usar as formas de tratamento adecuadas, desculparse, agradecer, presentarse e presentar outras persoas, felicitar, eloxiar, invitar.

Reaccionar ante unha información con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.

Control da comunicación:

Manifestar comprensión e incompreensión.

Pedirle ao interlocutor confirmación da comprensión.

Solicitar a axuda ao interlocutor para facilitar a comprensión: por exemplo, falar devagar, deletrear, repetir, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Reformular, parafrasear, repetir, corrixir, explicar, sinalar, etc.

Encher con pausas ou expresións de dúbida mentres se busca o elemento que falta.

Información xeral:

Pedir e dar información sobre datos persoais.

Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.

Responder a preguntas ofrecendo información, confirmando, refutando, dubidando, expresando descoñecemento, etc.

Identificar e solicitar información mediante preguntas.

Resumir, repetir e transmitir información.

Intercambiar información sobre asuntos cotiáns: actividades, normas, costumes, sucesos.

Indicar posesión.

Relacionar datos (causa, consecuencia, finalidade, condicións, etc.).

Indicar onde e cando ocorre algo.

Referirse a accións cotiás no presente, no pasado e no futuro.

Coñecemento, opinións e valoracións:

Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios).

Afirmar e negar algo.

Mostrar acordo total ou parcial, satisfacción confor-
midade (e contrarios).

Preguntar e expresar coñecemento e descoñece-
mento, seguridade e inseguridade.

Expresar reticencias, obxeccións.

Expresar aprobación e satisfacción ou os seus con-
trarios.

Expresar e contrastar opinións.

Desexos, estados de saúde, sensacións e sentimen-
tos:

Vontade, intencións.

Desexos para si e para outros.

Estados de saúde, síntomas e sensacións físicas.

Estados de ánimo, emocións e sentimentos: sorpre-
sa, ledicia, mágoa, enfado, esperanza, etc.

Sentimientos cara a outras persoas: agradecemento,
afecto, admiración, etc.

Desculpar(se) e aceptar desculpas.

Compartir sentimentos e reaccionar adecuadamente
ante eles: acougar, dar azos, expresar condolencia,
etc.

Expresar unha queixa ou unha reclamación.

Eloxiar, facer cumprimentos e os seus contrarios.

Peticións, instrucións e suxestións.

Pedir e ofrecer obxectos, servizos e axuda.

Acceder ou rexeitar agradecendo ou xustificando;
acceder con reservas ou condicións.

Expresar imposibilidade, posibilidade, obriga ou
prohibición de facer algo.

Pedir, conceder e denegar permiso (con ou sen
obxeccións).

Dar instrucións, avisos e ordes.

Aconsellar, recomendar e animar a facer algo.

Previr, advertir.

Transmitir unha petición.

Suxerir actividades, aceptar ou rexeitar e reaccionar
ante suxestións.

Planificar unha actividade.

Invitar. Concertar unha cita.

Organización do discurso:

Dirixirse a alguén.

Iniciar a intervención en situacións formais e infor-
mais.

Pedir, tomar e ceder a palabra.

Reaccionar e cooperar na interacción.

Recoñecer e adecuarse ao esquema usual da inte-
racción.

Introducir un tema en situacións formais e infor-
mais.

Introducir unha secuencia, unha anécdota ou unha
opinión.

Enumerar, opoñer, exemplificar, aclarar aspectos,
cambiar de tema, resumir.

Anunciar o peche do discurso e pechalo.

Relacionar e cohesionar o discurso.

Ao teléfono: inicio, presentación, espera, recado,
despedida. Control da comunicación.

Recoñecer e axustarse á estrutura das cartas e dos
tipos de mensaxe utilizados.

Utilizar as convencións propias dos textos ou dis-
cursos que se manexan.

3.2.3.2 Contidos discursivos.

3.2.3.2.1. Coherencia e cohesión.

Un enfoque centrado no uso do idioma supón consi-
derar o texto como a unidade mínima de comunica-
ción. Para que un texto teña validez desde o punto de
vista comunicativo, debe ser coherente con respecto
ao contexto en que se produce e debe presentar unha
cohesión interna que facilite a súa comprensión. O
alumnado deberá adquirir, daquela, as competencias
discursivas que lle permitan producir e comprender
textos atendendo á súa coherencia e cohesión.

Estes recursos entenderanse tanto para a expresión
como para a comprensión.

Intermedio 1:

Coherencia:

Ofrecer información suficiente e relevante para
cumprir o propósito comunicativo.

Utilizar a variedade de lingua estándar.

Utilizar o rexistro formal ou informal segundo o
requira a situación de comunicación.

Seleccionar con certa precisión o léxico e as estru-
turas sintácticas pertinentes para acadar o propósito
comunicativo segundo o tema que se trate.

Adaptarse ás características, á organización básica
e ao formato dos textos orais e escritos a que se
enfrenta ou que produce, recollidos na epígrafe Tipo-
loxía de textos.

Utilizar recursos lingüísticos adecuados para garan-
tir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión:

Iniciar, desenvolver e rematar textos en diferentes
situacións de interacción escrita.

Iniciar, manter e rematar conversas en diferentes situacións de interacción oral.

Tomar, manter e ceder a quenda de palabra en diferentes situacións de interacción oral respectando as regras e as convencións.

Usar os conectores básicos discursivos para iniciar, continuar, engadir, exemplificar e concluír.

Intentar manter a cohesión temática do texto utilizando recursos tales como a correferencia (por exemplo o uso de artigos, pronomes, demostrativos, concordancias), a elipse, as repeticións, etc.

Organizar de xeito sinxelo o discurso de maneira que se distinga o tema principal dos temas secundarios.

Utilizar conectores básicos para expresar relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.

Recoñecer ou utilizar a reformulación como recurso para intentar garantir a comprensión nunha situación de comunicación.

Utilizar os patróns de entoación adecuándoos á situación comunicativa.

Utilizar con certa precisión os recursos básicos de puntuación adecuándoos ás regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Intermedio 2:

Coherencia:

Ofrecer información suficiente e relevante para cumprir o propósito comunicativo.

Utilizar a variedade de lingua estándar.

Utilizar o rexistro formal ou informal segundo o requira a situación de comunicación.

Seleccionar o léxico e as estruturas sintácticas suficientes para acadar o propósito comunicativo segundo o tema que se trate.

Adaptarse ás características, organización básica e formato dos textos orais e escritos aos que se enfronta ou que produce, recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar recursos lingüísticos adecuados para garantir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión:

Iniciar, desenvolver e rematar textos en diferentes situacións de interacción escrita.

Iniciar, manter e rematar conversas en diferentes situacións de interacción oral.

Tomar, manter e ceder a quenda de palabra en diferentes situacións de interacción oral respectando as regras e as convencións.

Usar unha certa variedade de conectores discursivos para iniciar, continuar, engadir, exemplificar e concluír.

Manter a cohesión temática do texto utilizando recursos tales como a correferencia, (por exemplo o uso de artigos, pronomes, demostrativos, concordancia de tempos verbais...), a elipse, as repeticións, etc.

Organizar o discurso de maneira que se distinga con claridade o tema principal dos temas secundarios.

Utilizar unha certa variedade de conectores básicos para expresar relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.

Recoñecer e utilizar a reformulación como recurso para garantir a comprensión nunha situación de comunicación.

Utilizar os patróns de entoación adecuándoos á situación comunicativa.

Utilizar con corrección os recursos básicos de puntuación adecuándoos ás regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

3.2.3.2.2 Tipoloxía de textos.

A palabra texto está empregada neste currículo no sentido amplo e coas características que lle outorga o MEQR: “O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso».

Este punto inclúe un repertorio único de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

Oral:

Anuncios publicitarios na radio e televisión e anuncios por megafonía.

Instrucións e indicacións detalladas

Conversas cara a cara e en grupo

Reunións de traballo

Debates

Discusións formais

Entrevistas: de traballo, académicas, médicas...

Enquisas

Textos audiovisuais: películas, programas de TV ou de radio, telexornais, documentais, material gravado

Conferencias, presentacións e declaracións públicas

Cancións

Representacións teatrais

Conversas telefónicas e mensaxes en contestadores automáticos

Escrito

Anuncios publicitarios (en paneis, na prensa, etc.) e anuncios por palabras

Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedidos, telefax, notas, mensaxes, invitacións, felicitacións, etc.)

Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, entrevistas)

Informes

Resumos e esquemas

Apuntamentos

Textos literarios (contos, relatos breves, poemas, diálogos teatrais)

Bandas deseñadas e tiras cómicas

Documentos oficiais (formularios, impresos, instancias)

Documentos comerciais (contratos, facturas, albarás, cartas comerciais, extractos bancarios)

Catálogos

Manuais de instrucións

Guións

Currículo

Dicionarios e thesaurus

Prospectos

Receitas de cociña

Adiviñas

Biografías

4. Criterios de avaliación por destrezas.

4.1. Acceso de intermedio 1 a intermedio 2.

Para poder acceder ao nivel intermedio 2 as alumnas e os alumnos demostrarán, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral.

Comprender a información esencial de conversas ou discusións articuladas con claridade, pausadamente e en lingua estándar, en que se traten temas cotiáns (necesidades materiais, sensacións físicas e sentimentos, opinións e experiencias persoais) relacionados co traballo, os estudos e o tempo de lecer.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de identificar as principais ideas en interaccións mantidas sobre un ámbito que resulte próximo, sempre que as conversas ou discusións presenten unha pronuncia clara, se desenvolvan en lingua estándar e se poida volver escoitar o dito.

Comprender, sen entrar en detalles, monólogos en conferencias e presentacións, sinxelos e non moi lon-

gos, sobre temas coñecidos, sempre que se desenvolvan en lingua estándar, cunha pronuncia clara e se fale amodo.

Este criterio avalía a capacidade de comprender o esencial de exposicións públicas sinxelas e breves, emitidas en lingua estándar, sobre temas cotiáns de contidos previsibles (por exemplo, saúde, educación, gastronomía, actualidade, etc.), que permiten usar os coñecementos previos para facilitar a comprensión.

Captar as ideas principais e algún detalle específico de textos audiovisuais ou doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos, cando se articulen con relativa lentitude e claridade, e identificar opinións e actitudes expresadas nunha linguaxe sen connotacións rexionais ou sociais.

Mediante este criterio preténdese avaliar a comprensión do esencial de conversas ou debates entre varios interlocutores, descrições e narracións breves reproducidas por medio de dispositivos multimedia (radio, televisión, vídeo, internet, etc.), expresadas nunha linguaxe sen sentidos implícitos nin usos idiomáticos. Valorarase igualmente a capacidade de extraer información específica aínda que non se comprenda a totalidade dos textos.

Seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente sempre que a información técnica sexa sinxela e ordenada e se poida escoitar máis dunha vez.

Con este criterio avalíase a capacidade de reaccionar de forma adecuada, lingüísticamente ou coas accións pertinentes, ante instrucións sinxelas para a utilización de instrumentos ou aparellos coñecidos de uso cotián (por exemplo, unha cafeteira, unha cámara de vídeo, etc.), identificando as accións e a súa secuencia, e os obxectos esenciais para realizar a tarefa.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, extrapolando do contexto lingüístico e non lingüístico o significado de termos descoñecidos e deducindo o significado das oracións.

Con este criterio preténdese avaliar, en todas as tarefas de comprensión oral, a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten a comprensión e permitan superar eventuais dificultades, deducindo do contexto o significado probable de termos ou enunciados descoñecidos, especialmente cando se trata de temas relacionados cos seus intereses ou coa súa especialización ou actividade profesional, e axudándose dos acenos, da entoación e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.), así como do coñecemento doutras linguas.

Expresión e interacción oral.

Iniciar, manter e finalizar, espontaneamente e con certa seguridade, conversas e discusións cara a cara, sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lin-

güístico sinxelo aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que se quere dicir.

Trátase de verificar mediante este criterio a capacidade de participar en interaccións sinxelas sen preparación previa, intercambiando información e opinións persoais sobre os temas que se traten, comprendendo o que se di se se articula con claridade, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan frases. Valorárase a capacidade de expresar sentimentos como a sorpresa, a felicidade, a tristeza, o interese e a indiferenza e responder a eles.

Manifestar puntos de vista e opinións persoais expresando con amabilidade crenzas, opinións, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal e profesional, así como explicar proxectos sinxelos e solicitar as opinións e puntos de vista doutros, interaccionando con relativa fluidez e espontaneidade.

Con este criterio trátase de verificar a capacidade de comprender as ideas principais dunha discusión informal, facendo comentarios breves sobre os puntos de vista doutras persoas e sendo quen de facer comprender así mesmo tanto as súas opinións respecto de cuestións prácticas como as súas ideas sobre temas concretos ou abstractos, sempre que o discurso estea articulado con claridade en lingua estándar. Valorárase a utilización de expresións e estruturas idiomáticas moi habituais e un repertorio léxico adecuado ao tema abordado.

Desenvolverse nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá intercambiando e confirmando información con certo detalle e dando instrucións ou solucións para problemas prácticos, sempre que os seus interlocutores falen con claridade e se empregue unha lingua estándar.

Trátase con este criterio de verificar se se é quen de solicitar e comunicar información concreta e sinxela, así como de pedir e seguir indicacións detalladas en situacións comúns da vida cotiá –como dirixirse a un lugar dunha cidade descoñecida, comprar un billete de transporte ou ir ao médico–. Valorárase tamén a capacidade de describir a forma de realizar algo dando instrucións polo miúdo.

Intercambiar información detallada de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares e acontecementos e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares, dentro do seu campo de interese, cun repertorio léxico adecuado.

Trátase con este criterio de valorar a capacidade de describirse con precisión a si mesmo e describir outras persoas con trazos físicos e psicolóxicos; de describir un obxecto detallando a forma, o tamaño, a impresión que causa, usando termos específicos sinxelos; de describir un lugar, partindo dunha visión xeral e localizando nel os distintos elementos e usando os termos e os conectores que indican situación no espazo; e, finalmente, de describir un proceso, presentándoo, indicando a finalidade, os elementos e explicando as fases en que se desenvolve mediante os

termos e os conectores que indican a orde das operacións.

Facer exposicións breves e ensaiadas con relativa fluidez e responder a preguntas sinxelas, en lingua estándar, que soliciten aclaracións ou ampliación da información.

Con este criterio avalíase a capacidade de producir monólogos sostidos de carácter moi sinxelo preparados de antemán, sen pausas excesivas e reaccionando lingüisticamente ás preguntas dos interlocutores, aínda que se teña que solicitar repetición.

Seguir unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.

Con este criterio avalíase a capacidade que ten o alumno para empregar un cuestionario previamente elaborado coa finalidade de facer unha entrevista estruturada. Valorárase tamén que sexa capaz de reaccionar ante unha resposta que non entenda ou tan longa que non a poida lembrar, interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua.

Interactuar de maneira cooperativa, cunha relativa fluidez, con corrección suficiente e pronuncia claramente intelixible para poder ser comprendido, malia un forte acento estranxeiro.

Con este criterio valorárase, en todas as tarefas de expresión e interacción oral, a capacidade de chamar a atención do interlocutor, pedir repeticións para comprender mellor, repetir para focalizar a atención do interlocutor, etc. Valórase igualmente a expresión razoablemente fluída, malia que existan dúbidas e circunloquios, e a corrección nos elementos de coordinación e subordinación básicos para crear unha secuencia cohesionada e lineal. Trátase de valorar tamén o uso de recursos lingüísticos básicos e habituais e a súa adecuación sociolingüística e, así mesmo, o emprego de frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade en cuestión. Os intercambios comunicativos poderán presentar algunhas incorreccións sempre que non dificulten a eficacia da comunicación.

Comprensión de lectura.

Localizar e comprender información relevante en textos sinxelos de uso cotián, redactados en lingua estándar e referidos a necesidades inmediatas tanto do ámbito persoal como do profesional ou público.

Con este criterio de avaliación preténdese verificar a capacidade de localizar informacións concretas en textos do seu interese ou que necesite cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos e documentos oficiais breves, sexa no contexto da vida doméstica, do traballo, do estudo ou do lecer.

Comprender textos sinxelos con descrições de persoas, obxectos, lugares ou dos procesos máis comúns, que traten sobre temas relacionados co seu campo de

interese, sempre que o léxico utilizado non sexa especializado.

Trátase de verificar a capacidade de identificar tanto trazos característicos físicos e psicolóxicos, como fases e elementos dun proceso, e de situarse no espazo e na secuencia temporal, podendo escoller en función de necesidades, propostas ou proxectos.

Comprender o contido de correspondencia persoal usual que relate acontecementos ou describa sentimentos e desexos, en papel ou soporte dixital, en lingua estándar e nun rexistro informal.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade de comprender un relato de acontecementos na súa dimensión temporal e espacial, recoñecendo os marcadores lingüísticos correspondentes, e identificar a expresión dun amplo abano de sentimentos (sorpresa, alegría, decepción, dor, etc.), desexos ou reaccións expresadas polo remitente.

Comprender instrucións técnicas sinxelas relativas a aparellos de uso habitual, escritas con claridade e presentadas coa axuda de soporte visual.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno para seguir instrucións técnicas de aparellos de uso cotián (cámaras fotográficas, lavadoras...), instrucións de instalación ou uso de software do seu interese, sempre que conte con tutoriais baseados fundamentalmente en esquemas visuais, etc. Valorarase tamén a capacidade para seleccionar a información relevante discriminándoa da secundaria.

Recoñecer información xeral e detalles relevantes de artigos xornalísticos sinxelos en lingua estándar, como noticias, entrevistas, cartas ao director, reportaxes, etc., que traten temas coñecidos e ligados á cultura do idioma en cuestión e que estean ben estruturados, identificando o esquema narrativo e argumentativo malia que non comprenda todos os detalles.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade de comprender, nas noticias dun xornal, un suceso, as persoas implicadas, a súa localización temporal e espacial e os motivos e as consecuencias; de comprender o tema de debate e a postura a favor ou en contra nunha carta ao director ou nun artigo de opinión, etc., sen que as diferenzas socioculturais impidan a comprensión, e sempre que se poida facer un uso razoable do dicionario.

Comprender o sentido global dos textos, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.

Trátase con este criterio de verificar, en todas as tarefas de comprensión de lectura, que se ten a capacidade de identificar palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto como polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e paralingüístico, e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das carac-

terísticas do medio en que aparece a información (revistas, carteis, xornais, folletos, internet, etc.).

Expresión e interacción escrita.

Escribir notas solicitando ou dando información de carácter inmediato e salientando os aspectos que lle resultan importantes.

Mediante este criterio avalíase a capacidade de escribir correctamente textos moi breves e sinxelos sobre asuntos do seu interese (Non hai pan Chama a María. Está enfadada) a interlocutores coñecidos para informar, contactar, invitar, agradecer e pedir desculpas.

Escribir textos narrativos e descritivos, sinxelos, coherentes e ben estruturados, sobre feitos e acontecementos concretos relativos a asuntos cotiáns ou sobre temas do seu campo de interese.

Mediante este criterio avalíase a capacidade de narrar elaborando textos sinxelos coherentes e cohesiónados, mediante marcadores de cohesión temática como a correferencia, a elipse, as repeticións, os signos de puntuación e outros signos de división e cohesión textual; valorarase igualmente o emprego de conectores que expresan relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.

Escribir informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos habituais.

Con estes criterios preténdese avaliar a capacidade de elaborar informes respectando as características deste tipo de textos (introdución, desenvolvemento e conclusión; identificación do asunto e do destinatario, etc.), expoñendo o asunto de xeito sinxelo e con claridade e empregando un repertorio lingüístico adecuado ao tema.

Tomar notas, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conferencia breve en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de reformular brevemente as ideas principais extraídas dunha exposición oral ben estruturada e sinxela, así como algún detalle básico, cando aborden temas dos que se poida predicir o desenvolvemento.

Resumir breves fragmentos de información de diversas fontes redactados en lingua estándar.

Con este criterio téntase avaliar a capacidade de reducir un texto a termos breves e precisos, creando con eles un pequeno texto sinxelo, de carácter narrativo, sen apreciacións persoais, repetindo abreviadamente o esencial do texto orixinal, e mantendo o fío condutor e a orde de exposición que aparece neste.

Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou, se é o caso, aos medios dispoñibles.

Con este criterio preténdese avaliar, en todas as tarefas de expresión escrita, a capacidade de utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se está seguro, e seguindo adecuadamente o proceso de escritura: a planificación do texto, a selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, a presentación das ideas segundo o tipo de texto, a organización adecuada en parágrafos e a revisión da ortografía, a puntuación e as concordancias.

Valorarase igualmente o uso eficaz de materiais de consulta e de autoaprendizaxe (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, recursos dixitais e on-line, etc.).

4.2. Intermedio 2.

Ao final do nivel intermedio 2, as alumnas e os alumnos deberán demostrar, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral.

Identificar o sentido xeral e os detalles específicos de conversas e discusións informais sobre temas cotiáns ou relacionados co traballo, desenvolvidas cunha pronuncia clara, en lingua estándar e a velocidade media.

Con este criterio de avaliación preténdese verificar que o alumnado é quen de comprender o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que as conversas ou discusións presenten unha pronuncia clara e se desenvolvan sen modismos ou expresións pouco frecuentes, e cunha velocidade normal.

Comprender o necesario en conversas formais e reunións de traballo que versen sobre a súa especialidade, sempre que o tema lle resulte familiar e estea estruturado con claridade, se fale a unha velocidade normal e se eviten moitos usos idiomáticos.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para identificar e comprender a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na súa práctica profesional, nas que se aborden temas relacionados co seu traballo, sempre que lle sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada. Valorarase a capacidade de recapitular para informar a outras persoas oralmente ou por escrito sobre os aspectos tratados nesas conversas.

Seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente sempre que se poidan escoitar máis dunha vez.

Con este criterio avalíase a capacidade de reaccionar de forma axeitada, lingüisticamente ou coas accións pertinentes, ante instrucións para a utilización de instrumentos ou aparellos cotiáns (por exemplo, un ordenador), identificando as accións e a súa secuencia, e os obxectos esenciais para realizar a tarefa.

Seguir a información esencial dun debate longo, sempre que o discurso estea articulado con claridade e a velocidade media, en lingua estándar, nun rexistro formal que pode conter termos cultos de uso común e non especializados.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para identificar e comprender o sentido xeral e a información esencial en monólogos sostidos nun rexistro formal que aborden temas coñecidos ou relacionados co seu traballo, sempre que a exposición sexa clara e estea ben estruturada.

Comprender o contido da información da maioría dos textos audiovisuais ou material gravado que trate temas coñecidos ou de carácter previsible, articulados de forma relativamente lenta e clara.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumno para comprender as ideas principais e detalles específicos de tipo informativo ou factual en textos orais audiovisuais de natureza informativa –reportaxes, entrevistas, noticiarios, documentais, etc. –, que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións, hipóteses ou aspectos de natureza non informativa ou factual.

